
ESTRATEGIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA

2023- 2030

XUNTA
DE GALICIA

Estratexia de inclusión social de Galicia 2023 - 2030.

Elabora:

Dirección Xeral de Inclusión Social.

Edita:

Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Inclusión Social.

Santiago de Compostela, 2023.

ESTRATEGIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2023 - 2030

Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Inclusión Social

Contido

INTRODUCCIÓN	6
1. POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA	10
2. A ATENCIÓN DAS PERSOAS EN RISCO OU SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL NO PERÍODO 2014-2021	19
Atención nos servizos sociais comunitarios básicos	19
Atención nos servizos sociais de Inclusión	20
Acceso e participación na Estratexia de inclusión social de Galicia no período 2014-2021	24
Proxección de resultados da avaliación da Estratexia de inclusión social 2014-2020	28
3. AS POLÍTICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL: MARCO, ENFOQUES E TENDENCIAS	30
Marco político e estratéxico: de Europa a Galicia	30
Causas da exclusión social	32
Enfoques das políticas de inclusión en Europa	36
Tendencias no deseño e a implantación de políticas de inclusión social	39
4. PERSOAS E GRUPOS DESTINATARIOS	47
5. VIXENCIA	48
6. DESPREGADURA ESTRATÉXICA: EIXOS E OBXECTIVOS	49
Principios reitores	49
Desenvolvemento estratéxico	50
EIXO 1. PREVIR O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL	54
O.E.1. Reducir a soidade non desexada e aumentar a participación social da cidadanía	56
O.E.2. Evitar as situacións de exclusión residencial e promover o acceso á vivenda das persoas vulnerables	56
O.E.3. Previr as situacións de risco de pobreza e exclusión social asociadas a perfís vulnerables	57

O.E.4. Promover o benestar infantil e reducir as desigualdades que afrontan nenas, nenos e adolescentes cun enfoque integrado e centrado na infancia e nas familias con fillos/as	58
EIXO 2. COMBATER AS SITUACIÓNS DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL.....	60
O.E.1. Garantir uns ingresos mínimos asociados á activación social e/ou inserción laboral	65
O.E.2. Mellorar a resposta ante a emerxencia social e reducir a incidencia da privación material e social severa na poboación galega.....	65
O.E.3. Promover a empregabilidade, a inserción e permanencia laboral nun mercado de traballo inclusivo.....	66
O.E.4. Asegurar a protección e o exercicio de dereitos sociais e o acceso a servizos públicos de calidade.....	67
O.E.5. Articular medidas de abordaxe da pobreza infantil a través do apoio ás persoas menores en vulnerabilidade e ás súas familias	71
O.E.6. Responder ás necesidades específicas derivadas de factores de vulnerabilidade concretos e á interseccionalidade: senfogarismo, adiccións, desemprego, reclusión ou exreclusión, monoparentalidade/monomarentalidade, violencia de xénero, migración, entre outros.....	72
EIXO 3. POTENCIAR A INCLUSIÓN SOCIAL DESDE A DIMENSIÓN COMUNITARIA, LOITAR CONTRA A EXCLUSIÓN TERRITORIAL E PROMOVER UN TERRITORIO RURAL INCLUSIVO	73
O.E.1. Promover a inclusión social a través da participación social nunha dimensión comunitaria desenvolvida e cohesionada.....	75
O.E.2. Mellorar o acceso aos recursos comunitarios de carácter específico das persoas que residen en áreas afectadas polos impactos da crise demográfica	76
O.E.3. Favorecer a dinamización económica e as oportunidades laborais nas áreas rurais	77
EIXO 4. PROMOVER A MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN	78
O.E.1. Promover o desenvolvemento duns servizos sociais de inclusión de calidade e actualizar o seu marco normativo de referencia.....	79
O.E.2. Mellorar o acceso aos servizos sociais e a adecuación da resposta ás necesidades das persoas e familias máis vulnerables.....	80

O.E.3. Impulsar a innovación social e a xestión do coñecemento asociado á inclusión social.....	81
O.E.4. Reforzar o terceiro sector prestador de servizos sociais de Galicia.....	82
O.E.5. Mellorar e asegurar a coordinación interadministrativa e con outros axentes que operan no territorio a favor da inclusión social.....	83
EIXO 5. PERSPECTIVA INTERSECCIONAL E DIVERSIDADE CULTURAL.....	84
O.E.1. Implantar a perspectiva interseccional na abordaxe da pobreza e a exclusión social tendo en conta distintos factores: xénero, idade, territorio, discapacidade, identidade étnica, etc.	85
O.E.2. Potenciar a diversidade cultural e interculturalidade nos ámbitos esenciais da inclusión social.....	86
O.E.3. Combater a aporofobia e a discriminación por distintas razóns: racismo/xenofobia, orientación ou identidade sexual, crenzas, prácticas relixiosas, aporofobia, discapacidade, antisemitismo, ideoloxía... ..	86
7. IMPLANTACIÓN DA ESTRATEGIA	87
Planificación operativa	87
Instrumentalización e ferramentas para a implantación	88
Financiamento da Estrategia de inclusión social de Galicia 2023-2030	89
8. GOBERNANZA.....	90
9. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	94
10. BIBLIOGRAFÍA.....	97
11. ANEXO	100
Indicadores	101

INTRODUCCIÓN

A Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 comezouse a desenvolver nos anos de maior impacto da Gran Recesión, iniciada en 2008, que levou a unha situación de vulnerabilidade e risco de exclusión a moitas persoas e familias e intensificou a situación de pobreza de quen xa se atopaba nela.

No ano 2020, en plena recuperación positiva dese período, irrompeu a pandemia da COVID-19 que, máis alá da crise sanitaria, trouxo impactos súbitos e intensos nos fogares en forma de novas ou máis dificultades económicas e sociais, ademais doutros feitos que exerceron fortemente como factores de exclusión, como a fenda dixital. O momento supuxo un novo reto para o Sistema de protección social, e desde as distintas administracións públicas procuráronse respostas áxiles e adaptadas ás necesidades emerxentes da poboación, e algunhas destas medidas que se evidenciaron como imprescindibles naquel momento xa viñan sendo necesarias con anterioridade, como a simplificación e axilización dos trámites no acceso a prestacións e axudas, por exemplo.

Tras a pandemia a as súas consecuentes respostas, o contexto no que operan as medidas que se promoven desde as administracións públicas a favor da inclusión social cambiou, nomeadamente no que respecta ao sistema de rendas mínimas, coa irrupción do ingreso mínimo vital.

A nova Estratexia de inclusión social de Galicia, con horizonte 2030, entra en vigor nun momento marcado por unha tendencia inflacionista derivada da conxuntura socio-política internacional, determinada pola guerra de Ucraína e un sentimento xeral de incerteza na poboación sobre os impactos sociais e económicos que poidan acaecer segundo evolucione. Experimentáanse xa novas repercusións xeneralizadas na economía dos fogares e un alto risco de cronificación para as persoas en situación de pobreza porque seguen a atopar dificultades para superala e esgotaron todo recurso de contención ao seu alcance, a denominada desvantaxe social acumulativa.

A realidade social amósase máis dinámica e cambiante, na que xorden novas formas de manifestación das situacións de pobreza e exclusión. Esta realidade impón a necesidade de dispor duns servizos sociais de inclusión fortalecidos e flexibles, con capacidade de dar respostas novas ou adaptadas a cada momento ás necesidades sociais. Para iso débense reforzar os recursos de intervención e apoio, tamén en clave preventiva, nos diferentes sistemas que operan parcialmente no risco de exclusión e no propio Sistema de Servizos sociais. E, máis alá, é imprescindible contar cunha conexión -entendida como coordinación, cooperación, colaboración...- intra e inter sistémica forte e estable, para garantir unhas políticas de inclusión social integrais e integradas; e trasladar de xeito eficaz esta conexión desde un marco conceptual-estratéxico á realidade diaria do traballo de quen presta servizos de acompañamento técnico social ás persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social.

A nova Estratexia comprende estes obxectivos pero tamén dá cabida a outros, como os que se enfocarán a mellorar o coñecemento en materia de inclusión social e a metodoloxía de traballo, desde un enfoque centrado na persoa e baixo os parámetros da inclusión social activa e da activación inclusiva. O enfoque da inclusión activa¹, promovido desde as institucións comunitarias, é un dos principios inspiradores da Estratexia e susténtase en tres eixos: nas políticas activas favorecedoras dun mercado laboral máis inclusivo para as persoas con maiores dificultades de acceso; na garantía duns ingresos mínimos; e no acceso a uns servizos de calidade, para a abordaxe multidimensional do fenómeno da pobreza e a exclusión social (servizos sociais, educación, saúde, vivenda, etc.). Este enfoque complementábase dunha maneira importante dando énfase especial aos procesos vinculados á inclusión social das persoas destinatarias, como obxectivo de traballo previo ou simultáneo á súa inserción laboral. A activación inclusiva, que constitúe outro dos principios que fundamentan a Estratexia, abre a perspectiva da inclusión activa, para prestar atención a factores multidimensionais de exclusión que condicionan a propia inserción laboral. Así, a activación inclusiva tradúcese en respostas específicas orientadas a mellorar as diferentes dimensións vitais, como o lecer ou a participación comunitaria das persoas en situación de exclusión social onde concorre unha causalidade multidimensional e interseccionalidade, e nas que os enfoques dirixidos unicamente á inserción laboral son limitados. Cabe sinalar que a conexión intra e inter sistémica que se refería con anterioridade volve a tomar especial relevancia ante o desafío de facer efectiva a activación inclusiva.

Neste novo período potenciarase a dimensión comunitaria na abordaxe da exclusión social e, de acordo cos marcos de planificación anteriores da Consellería de Política Social e Xuventude, a inclusión territorial, especialmente do rural, constitúe novamente unha prioridade.

O presente documento estrutúrase en nove capítulos e un anexo. Tras este apartado introdutorio preséntase o primeiro deles, sobre a pobreza e a exclusión social en Galicia. Repásanse os datos de evolución do contexto nos anos de desenvolvemento da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 -á que da continuidade esta nova edición-, desde a relación da poboación galega coa actividade económica e ingresos ata as situacións de risco de pobreza e/ou exclusión social e as súas compoñentes. O segundo capítulo fai un percorrido pola atención prestada desde os servizos sociais e os servizos sociais específicos de inclusión social nos sete anos de vixencia da Estratexia anterior, e sobre os perfís das persoas destinatarias. Este capítulo remata revelando conclusións da avaliación final realizada a esta Estratexia e que supón o punto de partida para esta nova. Xa en relación á formulación da nova Estratexia que presenta este documento, o terceiro capítulo describe o marco estratéxico e conceptual no que se fundamenta. Partindo do marco europeo, nacional e a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-

¹ Baseado no establecido na Recomendación da Comisión Europea, de 3 de outubro de 2008, sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral.

2020, realízase un breve repaso á exclusión e ás súas causas, e unha aproximación ás políticas de inclusión na contorna europea e aos elementos clave que cómpre ter en conta nas políticas de inclusión social. Os capítulos cuarto e quinto describen as persoas e os grupos destinatarios da Estratexia e a súa vixencia, respectivamente.

Os principios reitores e a despregadura estratéxica descríbense no sexto capítulo. Ademais dos principios xa mencionados con anterioridade (inclusión activa e activación inclusiva), a Estratexia fundaméntase na prevención, a atención específica a determinados factores de vulnerabilidade e nun enfoque de dereitos das persoas destinatarias. A despregadura da Estratexia de Inclusión para o período 2023-2030 parte de cinco metas estratéxicas e os seus correspondentes eixos estratéxicos, que se articulan nun total de 21 obxectivos específicos e 143 liñas de actuación. Os eixos estratéxicos son: prever o risco de pobreza e de exclusión social; combater as situacións de pobreza e/ou exclusión social; potenciar a inclusión social desde a dimensión comunitaria, loitar contra a exclusión territorial e promover un rural inclusivo, e promover a mellora dos servizos sociais de inclusión. Engádese un quinto eixo estratéxico, de carácter transversal, para asegurar a perspectiva interseccional e de apoio á diversidade cultural.


A Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 implantarase a través de catro plans operativos de inclusión social, de carácter bianual e de execución consecutiva. Así o refire o capítulo sétimo do documento, sobre a implantación da Estratexia. Estes plans operativizarán os obxectivos e as liñas de actuación da Estratexia en medidas concretas. Ademais, este apartado comprende información sobre os instrumentos para levar a cabo a súa operativización e o financiamento que se destinará. Os últimos capítulos, oitavo e noveno, versan sobre a gobernanza e o seguimento e avaliación. O documento, ademais, leva un anexo cos indicadores de referencia para a Estratexia.

1. POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

Ingresos e participación laboral

O ingreso medio mensual aumentou entre 2014 e 2021 nun 26% para os fogares e un 29% por persoa. Neste período, o maior incremento rexístrase no último ano, que o sitúa nos 2.416 euros por fogar e 971 euros por persoa, superando, así, a minoración rexistrada no ano da pandemia.

Gráfico 1. Ingreso medio por fogar e persoa (en euros), 2014-2021




Fonte: Enquisa estrutural a fogares do Instituto Galego de Estatística

Os fogares galegos aumentaron o seu nivel de ingresos nos últimos sete anos, indicador da recuperación iniciada en 2016, freada -e incluso revertida- no 2020 e retomada novamente ao ano seguinte. Así, por exemplo, no ano 2014 un 20% dos fogares ingresaba mensualmente menos de 1.000 euros, e no 2021 estes fogares representan o 15% sobre un total aumentado en 12.000 fogares máis. Este aumento obsérvase tamén no limiar do segundo decil de ingresos equivalentes, que subiu un 40%, e os dos terceiro e cuarto, que o fixeron nun 35% respectivamente.

Atendendo a estrutura de ingresos dos fogares, do 2014 ao 2021 aumentaron levemente o número de fogares con ingresos derivados do traballo, e diminuíron na mesma proporción aqueles con ingresos provenientes de prestacións e rendas. Este feito garda relación co aumento da taxa de ocupación, que se sitúa no 46,4% no 2021, e a consecuente diminución das taxas de paro, no 11,7%, e de paro de longa duración (máis dun ano), no 4,8%, produto dun maior acceso ao emprego e participación laboral. Non en tanto, cabe sinalar que as persoas que xa se atopaban en desemprego antes da pandemia acumulan dificultades de acceso ou retorno ao mercado laboral, o que se evidencia na repunta desta taxa no último ano. Este aumento, ademais, prodúcese na poboación feminina.


Gráfico 2. Taxas de ocupación, paro e de desemprego de longa duración (%), 2014-2021



Fonte: Enquisa de Poboación Activa (IGE-INE)

A ocupación laboral da poboación activa incrementouse progresivamente no período 2014-2021 e, inversamente, as porcentaxes de fogares con todas as persoas activas en paro e de persoas en fogares con baixa intensidade laboral reducíronse un 65 e 55%, respectivamente. Concretamente, o número de persoas menores de 65 anos en fogares con baixa intensidade laboral² -unha das compoñentes do indicador sintético de risco de pobreza e exclusión social AROPE- estímase na actualidade³ no 8,83%.

Gráfico 3. Participación laboral nos fogares e persoas (%), 2014-2021




Fonte: Enquisa de Poboación Activa (IGE-INE) e Enquisa estrutural a fogares (IGE)

Non obstante, cómpre sinalar un 14% da poboación ocupada traballa a tempo parcial, e que tres de cada catro persoas (o 76%) das que traballan neste tipo xornada declaran facelo porque non poden atopar un traballo a xornada completa. Esta situación afecta especialmente á poboación feminina.

² Porcentaxe da poboación de 0 a 64 anos que vive en fogares con baixa intensidade laboral sobre o total da poboación de 0 a 64 anos nesa provincia e Galicia. Considérase que unha persoa vive nun fogar con baixa intensidade laboral se a suma do número de días con ingresos de traballo, prestacións por ERTE ou prestacións por cese de actividade debidas á pandemia que tiveron as persoas de 18 a 64 anos do fogar entre o número máximo de días con ingresos de traballo que poderían ter é menor ou igual que 0,20

³ Instituto Galego de Estatística (IGE, 2022) *Enquisa Estructural a Fogares, 2021*

Gráfico 4. Traballadores/as en xornada parcial non desexada (%), 2014-2021



Fonte: Enquisa de Poboación Activa (IGE-INE)

Por outra banda, estímase⁴ que en Galicia 368.000 persoas viven no 13,6% dos fogares sustentados principalmente por unha persoa en inestabilidade laboral grave⁵, dos cales un de cada catro non estaría a recibir prestacións (desemprego ou renda mínima); e que 15.500 persoas viven en fogares onde a persoa sustentadora principal traballa en economía informal. Os datos para estas dúas situacións indican que Galicia está por debaixo da media do conxunto de España, onde se rexistra un 16,5% de fogares con sustentador/a principal en inestabilidade laboral grave e un 1,6% de fogares en economía informal.

Os datos publicados en 2020 por FOESSA revelan que en Galicia un 12,5% (en torno a 130.000 persoas) da poboación traballadora está en situación de pobreza relativa e un 2,2% estaría en pobreza severa. Os datos para o conxunto de España son máis altos, cunhas porcentaxes de 13,2% e 3,1%, respectivamente.

Risco de pobreza e/ou exclusión social

A taxa AROPE, de risco de pobreza e/ou exclusión social sitúase no ano 2021 no 19,22% do total da poboación galega (492.891 persoas). Desde o ano 2015, as tres compoñentes do AROPE -baixa intensidade laboral, carencia material severa e risco de pobreza- viron reducida a súa incidencia. Concretamente, a carencia material e social severa⁶ reduciuse

⁴ FOESSA (2020) *VULNERACIÓN DE DEREITOS: TRABALLO DECENTE* en https://www.foessa.es/main-files/uploads/sites/16/2020/10/Focus_Traballo_Decente_Octubre-2020.pdf www.foessa.es

⁵ A inestabilidade laboral grave defínese por cumprir cando menos unha das seguintes categorías no último ano: ter estado en desemprego durante 3 meses ou máis, contado con 6 ou máis contratos, ter estado contratado por 3 ou máis empresas, ou traballar sen contrato nin prestacións á Seguridade Social.

⁶ A medición da carencia material severa realízase desde 2015 sobre un total de 13 ítems de consumo e participación social, en lugar dos 9 anteriores (metodoloxía Europa 2020), que se miden a nivel fogar e a nivel persoal:

A nivel de fogar:

Non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.

Non se pode permitir unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días

Non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada

Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.


Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, gas, comunidade...).

Non se pode permitir dispoñer de coche.

Non se pode permitir substituír os mobles deteriorados ou vellos.

case á metade entre 2015 e 2021, e a poboación que vive en fogares con baixa intensidade laboral baixou un 34% en termos relativos.


Gráfico 5. Evolución da Taxa AROPE e a incidencia das súas compoñentes (en %), 2015-2021



Fonte: Enquisa estrutural a fogares, 2021 (IGE)

Pero esta redución non aplica por igual á poboación masculina e á feminina, dado que as diferenzas na incidencia entre ambos os dous sexos evidéncianse a partir o ano 2018, cando se comezan a recoñecer signos de recuperación económica e se agudizan tras a pandemia. No gráfico seguinte pódese observar como a porcentaxe de persoas afectadas de carencia material e social severa medrou nos últimos dous anos, a raíz da pandemia, e o fixo principalmente para as mulleres.

Gráfico 6. Carencia material e social severa (CMSS) e risco de pobreza (RP) por sexo, 2015-2021



Fonte: Enquisa estrutural a fogares, 2021 (IGE)

Entre o ano 2014 e 2021 obsérvase, con carácter xeral, unha redución da incidencia nos fogares e persoas da privación que se rexistra nos 17 ítems de necesidades básicas ou de ocio. Neste período os aspectos de carencia máis frecuentes a nivel fogar foron: non poder permitirse marchar de vacacións polo menos unha semana ao ano (47,58%), non

A nivel de persoa:

- Non se pode permitir substituír as roupas deterioradas por outras novas
- Non se pode permitir ter dous pares de zapatos.
- Non se pode permitir reunirse con amizades e/ou familiares para comer ou tomar algo ao menos unha vez ao mes.
- Non se pode permitir participar regularmente en actividades de ocio.
- Non se pode permitir gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana.
- Non se pode permitir dispoñer de conexión a internet para uso persoal no fogar.

poder facer fronte a gastos imprevistos (26,2%) e non poder substituír os mobles vellos ou estragados (23,78%). E a nivel persoa os conceptos de carencia con maior incidencia son o feito de non poder participar regularmente en actividades de ocio (deporte, concertos...) e a imposibilidade de gastar unha pequena cantidade de cartos nun mesmo/a.

Táboa 1. Carencia material e social por conceptos, 2014-2021

A NIVEL FOGAR	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Non poden permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	53,74	55,58	51,94	51,1	48,31	46,23	52,15	47,58
Non poden permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días	1,85	1,86	1,38	1,77	1,43	1,32	2,24	1,44
Non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada	21,76	19,75	17,67	18,06	16,41	14,35	13,46	17,24
Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos	35,83	36,99	33,51	31,04	29,24	25,93	26,33	26,2
Tiveron atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade...)	4,78	4,89	4,75	4,48	3,87	3,99	3,84	4,02
Non poden permitirse dispoñer de coche	4,61	6,04	5,08	4,73	3,76	3,49	2,79	4,19
Non poden permitirse dispoñer de lavadora	0,63	0,67	0,39	0,52	0,27	0,34	0,11	0,34
Non poden permitirse dispoñer de teléfono	0,39	0,49	0,35	0,27	0,17	0,12	0,06	0,13
Non poden permitirse dispoñer de televisor en color	0,25	0,28	0,35	0,41	0,15	0,11	0,21	0,32
Non poden permitirse dispoñer de ordenador	5,21	6,53	6,42	5,85	3,28	2,15	2,54	4
Non poden substituír os mobles deteriorados ou vellos		36,54	33,55	29,18	25,23	21,57	20,64	23,78
A NIVEL PERSOA (MAIORES DE 15 ANOS)	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Substituír as roupas deterioradas por outras novas (que non foran de segunda man)		7,4	4,98	4,42	2,99	3,06	3,17	4,01
Ter dous pares de zapatos (ou un par adecuado para calquera época do ano)		2,94	1,78	1,59	0,8	0,69	0,71	0,88
Reunirse con amigos e/ou familiares para comer ou tomar algo ao menos unha vez ao mes		11,94	8,68	9,95	5,24	5,44	6,12	6,46
Participar regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos...		17,23	14,78	14,93	8,09	8,21	7,31	9,31
Gastar unha pequena cantidade de diñeiro nun mesmo cada semana		18,84	15,1	15,4	9,74	9,64	8,28	9,22
Dispor de conexión a internet (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		3,62	0,93	0,79	0,46	0,34	0,17	0,2


Fonte: Enquisa estrutural a fogares, 2022 (IGE)

O Risco de pobreza ou pobreza relativa establécese no 60% da mediana de ingresos medios equivalentes por fogar en Galicia, e concretamente sitúase no 15,12% no ano 2021. Iso implica que un total de 407.581 persoas viven en fogares con ingresos por debaixo dos limiares de pobreza que se definen de acordo á composición do fogar: o limiar para un fogar unipersoal sería de 796,97 euros, para un fogar composto por dúas persoas adultas sería de 1.195,45 euros; e para un fogar con dúas persoas adultas e dúas menores de 14 anos 1.673,66 euros.

No que refire á pobreza severa, esta establécese no 40% da dita mediana e en Galicia afecta a un 5,30% da poboación, tras baixar desde o 6,24% rexistrado no ano da pandemia. O último dato, de 2021, revela que en Galicia hai 142.869 persoas que viven en fogares con ingresos baixo limiares de pobreza que se establecen en 531,31 euros para unha persoa, 796,97 euros para dúas persoas adultas e 1.115,75 euros para un fogar con dúas persoas adultas e dúas menores de 14 anos 1.673,66 euros. A pobreza severa

redúcese á maior idade das persoas: afecta a un 13% da poboación menor de 18 anos, ao 9,1% das persoas de 18 a 64 anos e ao 5,8% daquelas de 65 e máis anos⁷.

Gráfico 7. Persoas en risco de pobreza ou exclusión social segundo as compoñentes do AROPE, 2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Enquisa estrutural a fogares, 2021 (IGE)

O risco ou situación de pobreza afecta a case un 80% da poboación comprendida na taxa AROPE: un 50% sofre este factor de xeito illado e outro 30% en concorrencia con outros factores de risco, como a carencia material e social severa (8,48%), a baixa intensidade laboral do fogar no que reside (13,48%) ou xunto con ambos os dous (6,63%). Neste último caso é no que interseccionan as tres compoñentes, e revelan as situacións de maior vulnerabilidade. No ano 2015 esta intersección dábase no 10,58% da poboación AROPE, polo que nestes últimos sete anos a incidencia reduciuse, en termos numéricos, máis da metade.

A taxa AROPE que rexistra cada unha das provincias galegas representa un lineal descendente e tende a converxer nos últimos anos (a excepción do ano 2020).


A redución máis importante rexistrouna a Provincia de Pontevedra, a máis afectada pola crise de 2008, pero cunha gran capacidade de recuperación e dinamismo económico que se fixo notar desde o ano 2018.

A taxa AROPE en Ourense, aínda reducíndose, leva todo o período máis alta que a media. Esta provincia é na que maior porcentaxe de fogares reciben ingresos por prestacións e menor porcentaxe daqueles con ingresos derivados do traballo, en clara correlación cos indicadores demográficos, que revelan maiores índices de envellecemento, dependencia senil, etc. Cabe sinalar, con iso, que a mellora da taxa depende tamén doutros factores diferentes actividade e recuperación económica e do mercado laboral. Pese a se ter reducido no último ano, en Galicia un 46,3% (356.299 persoas) reciben unha pensión cun importe inferior ao limiar de pobreza. Este feito afecta a un 56% das mulleres pensionistas e a un 30,8% dos homes que as perciben. Ademais, apúntase que un 21,1% non superaría o limiar de pobreza severa⁸.

⁷ EAPN (2022) *12º Informe 2022 O Estado da pobreza en Galicia*

⁸ Información a 31 de decembro de 2021 calculada sobre o número de pensións e contías por incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e favor familiar, en relación a limiar de pobreza (mensual, 14 pagas) de 681 euros e limiar de pobreza severa (mensual, 14 pagas) de 454 euros. Fonte: EAPN (2022) *12º Informe 2022 O Estado da pobreza en Galicia*


Gráfico 8. Taxa AROPE para Galicia e provincias (en %), 2015-2021



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Enquisa estrutural a fogares, 2021 (IGE)

Por áreas, as que se sitúan ao Sur da Comunidade -Pontevedra Sur, Ourense Sur-, O Carballiño-O Ribeiro e Caldas-O Salnés, son as que maior taxa AROPE rexistraron no período 2015-2021, moi por riba da media galega, tal e como se observa na gráfica. Cabe indicar que se trata dunha media, polo que non se reflicten incrementos na taxa como o rexistrado na Mariña Lucense no último ano, que pasou dun 12,9% a un 19,7%.

Gráfico 9. Media da taxa AROPE por áreas de Galicia, 2015-2021




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Enquisa estrutural a fogares, 2021 (IGE)

Por outra banda, os municipios galegos de menor e maior tamaño -aqueles cun número de habitantes por debaixo de 10.000 habitantes e por riba dos 50.000 habitantes-, rexistran unha taxa AROPE do 17%, por debaixo do 20% dos municipios de tamaño mediano, onde reside un 33% do total da poboación galega.

As maiores taxas de risco de pobreza e/ou exclusión social nos últimos sete anos rexístranas a poboación con idades comprendidas entre os 16 e 24 anos e entre 50 e 64 anos, dous grupos de idade nos con alta probabilidade de relación paterno/materno-filial. Pola contra, a menor taxa rexístrana as persoas de 65 ou máis anos, que se sitúa en torno ao 13%. Á vista da gráfica seguinte, obsérvase que os efectos inmediatos da pandemia, no ano 2020, impactaron negativamente na poboación menor de 50 anos. Se ben recuperaron no ano seguinte, aínda non regresaron aos valores rexistrados no 2019.

Gráfico 10. Risco de pobreza e/ou exclusión social por idade (en %), 2015-2021




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Enquisa estrutural a fogares, 2021 (IGE)

Tamén, atendendo ao sexo, a pandemia rompeu coa converxencia observada no ano 2019 das taxas AROPE da poboación feminina e masculina. As mulleres acusaron en maior medida os efectos e aumentaron a súa taxa nun punto porcentual en termos absolutos, mentres que os homes o fixeron en 0,02 puntos.

Entre os anos 2014 e 2022 a poboación estranxeira en Galicia aumentou en 20.495 persoas e alcanza un total de 118.740 persoas, pasando de representar un 3,57% a un 4,4% do total da poboación galega. Se ben cuantitativamente non é un incremento significativo, si se observa un cambio cualitativo na poboación estranxeira.

Durante este período diminuíu a poboación estranxeira con nacionalidades da Unión Europea-27 (que rexistra máis de 5.000 saídas) e aumentou aquela con nacionalidades de orixe extra Comunitaria, nomeadamente as procedentes de Venezuela e Colombia -nas relativas a América do Sur-, Cuba -en América Central-, Marrocos -en África- e Asia.

Gráfico 11. Variación no número de persoas estranxeiras en Galicia total e por nacionalidades agrupadas, 2014-2022



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do padrón municipal de habitantes (INE)

Os valores da taxa AROPE revelan unha fenda de nacionalidade: o risco de pobreza e/ou exclusión nas persoas de nacionalidade estranxeira a partir de 2018 pasou de ser máis do dobre a se triplicar respecto do que rexistran as persoas de nacionalidade española.

Na actualidade, case o 56% das persoas estranxeiras está en AROPE, mentres que afecta a un 18% da poboación nacional. Esta fenda de nacionalidade no AROPE garda relación de causalidade nas diferenzas que se rexistran noutras áreas, como a ocupacional e salarial. Cabe sinalar, ademais, que en Galicia un 52% desta poboación estranxeira está formada por mulleres.

A poboación estranxeira foi un dos grupos máis afectados polos impactos da pandemia. En 2020, seis de cada dez persoas estaba en situación ou risco de pobreza ou exclusión social. A incidencia reduciuse no ano 2021 a valores próximos aos rexistrados no 2019.

A tipoloxía do fogar determina tamén o risco de pobreza e exclusión social. Así, os fogares con máis risco son os monoparentais ou monomarentais: tres de cada dez (32%) está en AROPE no 2021, e estes fogares representan o 10% dos fogares galegos. A incidencia chegara a ser de catro de cada dez no ano 2015.

Os fogares unipersoais, que son o 23% do total en Galicia, rexistran o mesmo risco: un 31% está en AROPE, e a súa incidencia, a diferenza dos anteriores, ven experimentando un aumento nos últimos anos. Máis da metade dos fogares desta tipoloxía están formados por persoas de 65 ou máis anos, e un 33% do total por mulleres dese grupo de idade.

Os fogares formados por parellas reduciron o seu risco no período 2015-2021 en catro puntos porcentuais, pero en termos relativos a diminución foi maior naquelas que non teñen fillos (14,48%) que as que os teñen (17,26%).

Por outra banda, a desigualdade en Galicia reduciuse nos últimos anos.

O cociente S80/S20, que mide a relación entre a proporción dos ingresos totais percibidos polo 20% da poboación con maiores ingresos e a percibida polo 20% con menores ingresos sitúase en 3,86, o valor máis baixo desde o ano 2007. Para o conxunto do Estado, a renda do 20% da poboación máis rica é 6,2 veces máis elevada que a do 20% con menos ingresos.

Por outra banda, o índice Gini, que mide o grao de concentración da riqueza (o valor varía entre 0 e 100, e un valor 0 significa que todas as persoas teñen os mesmos ingresos; e un valor 100, que representaría o caso no que unha soa persoa se levase a totalidade de ingresos da poboación) é en España o valor é de 33, mentres que en Galicia é do 25,7 en 2021, tras baixar 1,1 puntos no último ano.


2. A ATENCIÓN DAS PERSOAS EN RISCO OU SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL NO PERÍODO 2014-2021

Atención nos servizos sociais comunitarios básicos

A vía normal do acceso ao Sistema de Servizos sociais son os servizos sociais comunitarios básicos que prestan os concellos de Galicia. As intervencións que realiza o persoal dos servizos sociais municipais constitúen a resposta ás necesidades sociais que presenta a súa poboación de referencia en cada momento. Desde esta perspectiva, resulta de interese coñecer, no conxunto dos concellos galegos, os ámbitos onde se presentaron estas necesidades e se focalizaron as intervencións na poboación en Galicia.

Durante o período 2014-2021 a metade do total das intervencións iniciadas neste nivel de actuación dos Servizos sociais realizáronse no sector das persoas maiores (26,44%) e da familia (23,02%). Outro 40% das intervencións encaixáronse nos ámbitos da discapacidade (14,14%), da atención a persoas en situación de necesidade por diversos motivos (11%), de infancia e menores (9,71%) e da inmigración (5,21%). E o restante 10% foron intervencións con mulleres -por motivos de necesidade social especificamente relacionados coa súa vulnerabilidade-, de abordaxe do senfogarismo (0,40%), e aquelas outras relacionadas con factores específicos, como a pertenza a minoría étnica (1,85%).

Gráfico 12. Intervencións dos Servizos sociais comunitarios básicos segundo o sector de referencia 2014-2021.



Fonte: SIUSSGAL. Consellería de Política Social e Xuventude- Xunta de Galicia

Non obstante, cabe pararse un pouco neste punto e realizar una comparativa entre os ámbitos onde maioritariamente iniciaban as súas intervencións os Servizos sociais nos anos de inicio e fin da Estrategia de inclusión social de Galicia, para coñecer as variacións producidas nas necesidades que presenta a poboación usuaria do sistema.

Na comparativa da táboa que segue obsérvase que, entre 2014 e 2021, as intervencións con persoas maiores e familia reduciron o seu peso -do 52% ao 43%-, a favor de intervencións noutros ámbitos que viron incrementada a súa frecuencia, como é o de inmigración -que duplicou a súa porcentaxe sobre o total-, ou a atención a situacións persoais de necesidade, que se incrementou nun terzo neste período. Este aumento garda unha relación directa coa situación socioeconómica derivada da pandemia da Covid-19.

Os cambios demográficos experimentados na sociedade galega, cunha importante presenza de poboación de máis de 65 anos e cun incremento da inmigración nos últimos anos, reflíctense nas intervencións realizadas polos Servizos sociais no 2021.

Táboa 2. Intervencións máis frecuentes iniciadas nos Servizos sociais comunitarios básicos en 2014, 2021 e no período 2014-2021.

2014-2021		2014		2021	
1	Persoas maiores	1	Familia (27%)	1	Persoas maiores (25%)
2	Familia	2	Persoas maiores (25%)	2	Familia (18%)
3	Persoas con discapacidade	3	Persoas con discapacidade (12,6%)	3	Outros situación de necesidade (15%)
4	Outros situación necesidade	4	Outros situación necesidade (10%)	4	Persoas con discapacidade (14%)
5	Infancia	5	Infancia (10%)	5	Inmigrantes (9%)


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do SIUSSGAL. Consellería de Política Social e Xuventude- Xunta de Galicia

É importante destacar tamén o aumento da atención a outras situacións de necesidade social que pasou do 10%, nun momento marcado polas consecuencias da crise iniciada en 2008, a un 15% rexistrado no 2021, ano posterior á pandemia e no que aínda se notaban os seus impactos socioeconómicos.

Atención nos servizos sociais de Inclusión

A Estrategia de inclusión social de Galicia 2014-2020 (EIS Galicia) constitúe unha política de reforzo específico ao traballo de intervención que realizan os servizos sociais comunitarios, polo que parte das persoas que acceden ao sistema derívanse a este nivel de atención. O obxectivo é dar resposta, en xeral, as situacións de vulnerabilidade da poboación galega, incorporando enfoques de abordaxe adaptados a determinados factores de exclusión social concretos. Estes factores específicos son aqueles que se reflicten con menor porcentaxe nos datos anteriores, como pertenza a minorías étnicas, senfogarismo, entre outros.

Gráfico 13. Variación no peso dos factores de vulnerabilidade como principais factores de exclusión na poboación participante de EIS, 2014 e 2021




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

Os anos 2014 e 2021 presentan contextos socioeconómicos diferentes que ten reflexo na comparativa da incidencia dos factores de vulnerabilidade principais que presentaba a poboación participante da Estrategia de inclusión social nos seus anos de inicio e fin. O factor que máis aumenta neste período é a condición de inmigrante (+6,58 puntos), seguido de lonxe da monoparentalidade ou monomarentalidade (+1,04 puntos). De xeito contrario, rexístrase a diminución da presenza de factores relacionados co emprego: o paro de longa duración redúcese en máis de 5 puntos porcentuais, o desemprego nun 1,67 puntos e o emprego precario, que se reduciu en máis dun punto respecto do 2014.

En termos absolutos, a incidencia dalgúns factores de vulnerabilidade aumentou progresivamente, como é o caso do senfogarismo, a reclusión ou os problemas de saúde como determinantes da situación; e noutros casos apréciase un significativo aumento nos últimos anos, a partir do 2017. Neste caso se observan factores como a escaseza de recursos, a condición de inmigrante ou as cargas familiares non compartidas, tal e como se mostra no seguinte gráfico:


Gráfico 14. Variación na incidencia dos factores de vulnerabilidade como principais factores de exclusión na poboación participante de EIS, 2014, 2017 e 2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

Practicamente a totalidade dos factores de exclusión social presentan diferenzas importantes por sexo na súa incidencia cando o fan como principal factor ou determinante da situación persoal ou familiar. Entre o 2014 e 2021, os factores de exclusión principais máis presentes na poboación atendida foron a escaseza de recursos (32,46%), a condición de inmigrante (13,38%) e o paro de longa duración (10,83%) son os factores, que xuntos afecta a un 56,7% do total de participantes.

Gráfico 15. Frecuencia dos factores de vulnerabilidade como principais factores de exclusión da poboación participante de EIS segundo sexo no período 2014-2021.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.


As mulleres presentan practicamente en exclusiva como factores principais de vulnerabilidade o feito de ter cargas familiares non compartidas, ser vítima de violencia doméstica e de xénero, prostitución en proceso de abandono ou ser vítima de explotación sexual. Outros factores como problemática principal aféctanlle de xeito maioritario ás mulleres: trátase do desemprego ou do emprego precario.

Por outra banda, os homes presentan como factor principal de vulnerabilidade a reclusión, a exreclusión, o senfogarismo e os trastornos adictivos dun xeito máis frecuente que as mulleres. Ademais, a incidencia é maioritaria no caso de factores como a enfermidade mental, a discapacidade ou a desinstitucionalización desde un centro de protección de menores.

Acceso e participación na Estratexia de inclusión social de Galicia no período 2014-2021

Entre o ano 2014 e o 2019 as altas de participantes na estratexia aumentaron ata acadar, no ano 2019, o máximo de 6.258 participantes incorporadas/os nun ano. Nos dous anos seguintes, que coinciden co período pandémico, rexístranse sucesivas minoracións no volume de incorporacións, ata dun 11%.

Gráfico 16. Altas e baixas anuais na EIS Galicia, 2014-2021.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

O volume de baixas de participantes rexistrou no período 2014-2021 unha tendencia descendente, unicamente alterada no ano 2016, cando se rexistraron 4.265 baixas.

A diferenza resultante entre o volume de entradas e saídas apunta a un número medio de 30.000 persoas participantes na Estratexia durante o período de referencia.

A metade da poboación participante accede ás actuacións da Estratexia a través dos equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. A outra metade distribúense entre as entidades de iniciativa social, que duplicaron no período 2014-2021 o volume de atención de xeito paralelo a un incremento da contía das axudas da Consellería, e os concellos que levan a cabo programas específicos de inclusión social subvencionados pola mesma.


Gráfico 17. Distribución dos/as participantes segundo a vía de acceso á Estratexia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

A capacidade de atención e o volume da poboación atendida na Estratexia de inclusión social de Galicia aumentou progresivamente desde o seu inicio, no 2014, ata duplicarse. Os equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar son os axentes que traballan con maior número de participantes. Este aumento produciuse tamén entre as entidades de iniciativa social e, en menor medida, nos concellos.

Gráfico 18. Altas e baixas anuais na EIS Galicia, 2014-2021.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

Entre 2014 e 2021 atendéronse e participaron nas actuacións da estratexia un total de 73.734 persoas, das cales 40.028 son mulleres (o 54,3%) e 33.706 son homes (o 45,7%). Durante os primeiros anos de desenvolvemento da Estratexia de inclusión social, e ata 2018, a participación por sexos foi bastante aparelada no que refire en termos absolutos. Nese ano comézanse a notar certa da recuperación da crise iniciada en 2008, e crece a diferenza entre as taxas de paro masculino e feminino -esta última mantense máis alta-, e unido máis tarde aos efectos da pandemia, que afectaron especialmente á

poboación feminina, explica que o acceso maioritario aos dispositivos da Estratexia desde o ano 2019 rexistrárono as mulleres.

Gráfico 19. Poboación participante por sexo e ano de incorporación




Nota: H (homes), M (mulleres), T (total)

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

Aínda que o desenvolvemento de itinerarios personalizados de inclusión social é o proceso de participación principal na estratexia, hai actuacións que se comprenden dirixidas ás persoas menores da unidade de convivencia na que está a persoa adulta ou unha delas participando nun itinerario. Trátase, por exemplo, de actividades de reforzo escolar. Un total de 2.208 menores participaron en actuacións da EIS Galicia 2014-2021.

A meirande parte da poboación participante ten idades comprendidas entre os 26 e 45 anos, seguida do grupo formado por aquela que está entre os 46 e 54 anos de idade.


Gráfico 20. Idade das persoas participantes ou destinatarias das actuacións da EIS Galicia 2014-2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

O baixo nivel educativo é un factor de exclusión que afecta a máis da metade do total de persoas participantes na Estratexia de Inclusión Social. Case tres de cada 10 persoas participantes (28,7%) non ten estudos, e os estudos primarios ou básicos completáronos un 21,5% do total. Ademais, unha de cada 10 persoas (o 23,36%) ten estudos sen homologar.

Gráfico 21. Poboación participante segundo o nivel de estudos (en %)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da aplicación da Dirección Xeral de Inclusión Social.

Respecto á situación laboral, case tres de cada catro persoas (o 73%) participante están afectadas por unha situación de desemprego e desemprego de longa duración. Cabe sinalar que un 12% desenvolven actividade laboral en maior ou menor intensidade. E case un 12% están en situación de inactividade.

Unha de cada cinco persoas non acredita experiencia laboral. Entre as mulleres o máis frecuente é ter traballado no sector servizos (un 65%) e entre os homes a experiencia divídese principalmente entre o sector servizos (un 37%) e a construción (un 24%).

O 36% das persoas participantes perciben a RISGA. Entre as persoas participantes que si a perciben, son maioría mulleres: unha de cada catro cobra RISGA, fronte a o 18% dos homes participantes. Outro 6% das persoas que participan viven nunha unidade de convivencia con ingresos procedentes desta renda, e outro 7% non a perciben pero potencialmente podería facelo. Cabe sinalar neste punto que non hai rexistros de participantes que perciben o Ingreso Mínimo Vital para os anos 2020 e 2021, e que nese último ano produciuse o acceso a esta renda por parte de persoas que viñan percibindo a RISGA.

Como impacto da participación na estratexia ou ben durante o desenvolvemento dos itinerarios, entre o 2014 e o 2021 unha media anual de 2.600 participantes accederon a un emprego, principalmente por conta allea. E un total de 412 persoas en todo o período accederon ao mercado de traballo a través do autoemprego. Os datos supoñen unha taxa de acceso ao emprego en torno ao 5% do total de persoas participantes. O ano 2020 reflicte unha significativa baixado do número de persoas que accederon a un emprego, que se recupera levemente no ano 2021. A recuperación da pandemia estase a notar en menor medida entre a poboación en risco ou situación de exclusión social.

Proxección de resultados da avaliación da Estratexia de inclusión social 2014-2020

Dos resultados da avaliación da Estratexia de inclusión social desenvolvida entre os anos 2014 e 2020 despréndese a relevancia de comprender no novo marco actuacións e medidas que introduzan os axustes detectados como precisos para a mellora da eficacia, organización e funcionamento deste marco estratéxico. Así, entre estas actuacións destácase a necesidade de traballar a favor do:

- ▶ Reforzo do Sistema de Servizos sociais de Inclusión para atender ás novas demandas de protección e perfeccionamento das vías de atención
- ▶ Mellora e impulso da Estratexia e da coordinación interna e externa.
- ▶ Consolidación da estratexia como servizos comunitarios específicos dentro do Sistema de Servizos sociais e reforzo dos dispositivos propios.
- ▶ Colaboración interadministrativa para o desenvolvemento das políticas sociais.
- ▶ Desenvolvemento inclusivo dos territorios adoptando estratexias de intervención e desenvolvemento local, e a recuperación de metodoloxías de abordaxe da dimensión comunitaria da intervención.
- ▶ Mellora do acceso e cobertura da atención de colectivos sociais e nos territorios.
- ▶ Difusión efectiva e orientada, nomeadamente, a públicos obxectivos, e sensibilización social
- ▶ Atención aos estereotipos que sofren algúns grupos (migrantes, poboación xitana...)
- ▶ Introducción de referentes de planificación que convertan as prioridades transversais e sectoriais enunciadas na EIS Galicia en obxectivos específicos e operativos.
- ▶ Provisión de referencias programáticas que orienten as actuacións, en forma de protocolos flexibles, manuais de estilo... ofrecendo mediación entre a Estratexia e os procedementos administrativos regulados polas ordes, o manual de uso da aplicación e a xustificación das actuacións.
- ▶ Harmonización metodolóxica, ofertando materiais para as accións de formación organizadas directamente polos equipos como ferramentas pedagóxicas. Concretamente son importantes en actividades de Habilidades básicas, Alfabetización básica, Competencias clave e Alfabetización dixital básica.

- ▶ Atención no tratamento de factores persistentes de exclusión, especialmente no caso de trastornos adictivos, a cuestión psicolóxicas e o relacionadas co illamento social.
- ▶ Melloras na ferramenta informática de rexistro da información a Estratexia que repercutan, entre outras cousas, nunha maior facilidade de uso, maior claridade na organización dos fluxos de datos, na sistematización e produción de datos para a análise da realidade social e da intervención realizada, medir impactos na calidade de vida das persoas, informar para a difusión e sensibilización e xerar coñecemento.
- ▶ Colaboración coa iniciativa empresarial, a través de acordos marco e acordos específicos locais ou puntuais, para o desenvolvemento local, consolidación de emprego de calidade e de estabilización das persoas vulnerables no mercado laboral.
- ▶ Dar cabida en itinerarios para as persoas con graves dificultades de inserción laboral a elementos de inclusión social activa, como as habilidades básicas e sociais, e de participación activa na comunidade. Darlles valor a estes itinerarios en si mesmos. Incorporar forte dimensión de participación activa en todos os casos de persoas sen dependencia ou diversidade funcional severa.
- ▶ Xeración de coñecemento e espazos de intercambio e reflexión compartida entre os/as profesionais dos equipos e das axencias presentes no territorio.
- ▶ Impulso da formación ao persoal dos equipos e unidades que traballan no marco da Estratexia a equipos das AAPP e das entidades sociais.

3. AS POLÍTICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL: MARCO, ENFOQUES E TENDENCIAS

Este capítulo describe o marco estratéxico e conceptual no que se fundamenta a presente estratexia. Partindo do marco europeo, nacional e a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, realízase un breve repaso á exclusión e ás súas causas, e unha aproximación ás políticas de inclusión na contorna europea e aos elementos clave que cómpre ter en conta nas políticas de inclusión social.

Marco político e estratéxico: de Europa a Galicia

A Unión Europea

A Unión Europea ten un papel activo na orientación das políticas de inclusión social desde fai décadas. No ano 1992 o Consello publicou a Recomendación 92/441/CEE⁹ sobre os criterios comúns relativos a recursos e prestacións suficientes nos sistemas de protección social. Esta recomendación insta aos Estados membros recoñecer o dereito fundamental dunha persoa a dispoñer de recursos e prestacións suficientes para vivir de maneira compatible coa dignidade humana, no marco dun esforzo global e coherente para loitar contra a exclusión social.

A **Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea**¹⁰ (ano 2000), expón no seu artigo 34 que “Co fin de combater a exclusión social e a pobreza, a Unión recoñece e respecta o dereito a unha axuda social e a unha axuda de vivenda para garantir unha existencia digna a quen no dispoña de recursos suficientes”.

Máis adiante aprobouse a **Recomendación da Comisión 2008/867/CE**, sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral, que fixa os elementos principais do enfoque de inclusión activa. Recentemente aprobouse a **Recomendación do Consello sobre unha renda mínima adecuada que procure a inclusión activa (2023/C 41/01)**, que amplía considerablemente a recomendación da Comisión de 2008.

No 2017 o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión proclamaron o **Pilar europeo de dereitos sociais**¹¹, co fin de servir de guía para acadar resultados sociais e de emprego, responder aos desafíos actuais e futuros e satisfacer as necesidades esenciais da poboación, así como para garantir unha mellor regulación e aplicación dos dereitos sociais”. O [Plan de Acción do Pilar Europeo de Dereitos Sociais](#) establece como obxectivo reducir o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social, como mínimo, en quince millóns para 2030. Para elo considera clave adoptar un enfoque integrado que

⁹ Recomendación 92/441/CEE do Consello, de 24 de xuño de 1992, sobre os criterios comúns relativos a recursos e prestacións suficientes nos sistemas de protección social (DO L 245 de 26.8.1992, p. 46).

¹⁰ Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión Europea (2000). [Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea](#).

¹¹ [Proclamación interinstitucional sobre o pilar europeo de dereitos sociais](#).

afronte as necesidades en todas as fases da vida e abordar as causas profundas da pobreza e a exclusión social.

A nivel global, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou en 2015 a [Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable](#). A Axenda formula 17 Obxectivos con 169 metas de carácter integrado e indivisible que abarcan as esferas económica, social e ambiental. Desde o punto de vista da inclusión social entre os seus obxectivos cabe remarcar o obxectivo 1 de fin da pobreza, o obxectivo 2 de fame cero, o obxectivo 3 de saúde e benestar, obxectivo 4 de educación de calidade, obxectivo 5 de igualdade de xénero, e o obxectivo 10 de redución das desigualdades.

España

En España o principal referente estratéxico en políticas de inclusión social é a [Estratexia nacional de prevención e loita contra a pobreza e a exclusión social 2019-2023](#).

A estratexia considera a inserción e permanencia no mercado laboral como un elemento fundamental para previr e evitar o risco de caer na pobreza e/ou a exclusión social. Aposta polos tres piares da inclusión activa, con especial referencia nunha educación e emprego máis inclusivos, investindo nas persoas e mellorando a súa educación e formación, enfocándose especialmente cara as persoas con maiores dificultades educativas e de inserción laboral, a ordenación e mellora dos sistemas de rendas mínimas e o acceso a servizos públicos de calidade. Ademais, a estratexia aborda de forma transversal a protección da infancia e a protección das familias. Para poñer este enfoque na práctica a estratexia desenvólvese a través de catro metas: combater a pobreza, o investimento social nas persoas, a protección social ante os riscos e a eficacia e eficiencia das políticas. A estratexia propón políticas tanto preventivas como paliativas, busca romper o ciclo de transmisión xeracional da pobreza, reforzar os sistemas de protección social e mellorar a súa eficiencia e gobernanza.

Con anterioridade á Estratexia nacional de prevención e loita contra a pobreza e a exclusión social 2019-2023 a promoción da inclusión social e a loita contra a pobreza articulábase principalmente a través dos Plans Nacionais de Acción para a Inclusión Social. O último destes foi o [Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social 2013-2016](#).

A Estratexia nacional de prevención e loita contra a pobreza e a exclusión social 2019-2023 enlaza coa execución do Plan de Acción español da Axenda 2030, especialmente en relación co Obxectivo 1 "Poñer fin á pobreza en todas as súas formas e en todo o mundo" e o Obxectivo 10 "Reducir a desigualdade dos países e entre eles".

Galicia

Existen importantes referentes estratéxicos en materia de inclusión social en Galicia que preceden a esta estratexia.

O [II Plan Galego de Inclusión Social \(2007-2013\)](#) consolida como prioridade a inclusión social, e en especial a inclusión activa. Neste período, a Lei 13/2008, de Servizos sociais de Galicia e a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia constitúen o referente normativo a nivel rexional sobre o que se articulou a posterior [Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020](#). Esta estratexia prestou importante atención a elementos de gobernanza, como o impulso da coordinación efectiva e a colaboración entre o Sistema público de Servizos sociais e o de Emprego, así como á coordinación dos Servizos sociais da Xunta de Galicia coas corporacións locais, que desenvolven os servizos comunitarios básicos. A estratexia vinculouse, ademais, con outros marcos de programación que desenvolven os diferentes departamentos da Xunta de Galicia e que inciden, de maneira sectorial ou transversal, no fomento da inclusión social activa en materia de igualdade, apoio a familias, xente nova, voluntariado, axenda dixital, entre outros.

Ademais, a [Axenda Social Única de Galicia 2021-2024](#) ten como principal obxectivo reforzar a coordinación interadministrativa e co Terceiro sector social para atender mellor as necesidades sociais da poboación que precisa de apoios para mellorar a súa calidade de vida, a través da súa autonomía o da súa inclusión social o sociolaboral.

Non obstante o anterior, a Estratexia de inclusión social 2023-2030, ao igual que a estratexia que a precede, atopa o referente autonómico de maior relevancia e actualidade no **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030**, e concretamente no eixo 4 Cohesión social e territorial e nos seus obxectivos e, de xeito especial, no seu obxectivo operativo 4.2.2. *Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante.*

Causas da exclusión social

As causas que orixinan a exclusión social son complexas e multidimensionais; entre outras están estreitamente conectadas co crecemento da desigualdade, a estrutura de ingresos, a dispoñibilidade e calidade do emprego, ou o encarecemento do acceso á vivenda. A capacidade dos sistemas de protección social para corrixir e reverter estas causas é limitada, polo que a miúdo estas circunstancias perpetúanse a través da transmisión ou reprodución interxeracional da pobreza. A esta situación súmanse no contexto actual outros elementos xeoestratéxicos que teñen efectos da inflación e no encarecemento da enerxía e os bens básicos. Por outra parte, a dixitalización e a conseguinte transformación dos mercados de traballo ten especial impacto nos grupos máis vulnerables e con menos cualificación.

Existe, polo tanto, unha serie de factores clave que explican a existencia da exclusión e as desigualdades e, dentro destes, o emprego é un fundamental, pero non o único. Por iso, se ben as políticas de activación cara o emprego son importantes para favorecer a inclusión, centrarse unicamente nestas non é suficiente para acadalo.

A desigualdade como factor determinante da exclusión

A desigualdade da renda é unha das causas importantes da exclusión social; de feito, os países con menores taxas de desigualdade tamén teñen menos exclusión. O cociente S80/S20, que divide os ingresos do quintil de maior renda e o de menos renda, sitúase en torno a cinco veces na UE-27, e por riba de seis veces en España. En Galicia este indicador de desigualdade, é menor que na UE-27 e que no conxunto de España, e non chega a catro veces. Durante a crise económica esta ratio medrou considerablemente, tanto en España como no conxunto de Europa, acadando o seu máximo nivel no ano 2015. Con posterioridade houbo unha melloría, aínda que interrompida pola pandemia. A pesar destas mellorías, na segunda parte da pasada década os niveis seguen a ser moi elevados¹². En Galicia esta subida foi máis moderada e a pandemia non fixo regresar o valor do cociente de desigualdade a valores máximos da serie histórica¹³.

Detrás desta **distribución da renda** atópanse varias causas. Por unha banda, o maior rendemento de capital en comparación coa taxa de crecemento da economía deriva nunha tendencia á concentración da riqueza que xera un aumento da desigualdade (Piketty, 2014)¹⁴. Desde outro punto de vista, o progresivo avance da dixitalización, debido á súa capacidade para incrementar a produción cun número relativamente reducido de persoas traballadoras, favorece un aumento da produtividade do traballo superior ao crecemento da renda mediana dos fogares¹⁵. Dentro do propio mercado laboral, ata agora, os empregos máis vulnerables para a automatización foron os de menor nivel formativo, que requiren menor interacción social e tarefas manuais rutinarias (Comisión Europea, 2019)¹⁶. De cara ao futuro, os avances en intelixencia artificial e automatización teñen a posibilidade de reducir tamén estes empregos e con iso incrementar a desigualdade e a pobreza¹⁷. A Recomendación do Consello do 2023

¹² A ratio S80/S20 situouse na UE-27 no 4,89 en 2010, creceu ata o 5,22 no 2015 para descender ao 4,89 de novo en 2020, crecendo coa pandemia ata o 4,97 en 2021. En España a evolución foi similar: do 6,16 en 2010 creceu ao máximo de 6,87 en 2015 para descender ao 5,77 en 2020, repuntando ata o 6,19 en 2021 como consecuencia da pandemia. Fonte: Eurostat. SILC.

¹³ A ratio S80/S20 situouse en Galicia no 4,16 en 2010, creceu ata o 4,50 no 2015 para descender ao 4,15 en 2020. No 2021, o último dato dispoñible, este dato é do 3,86.

¹⁴ Thomas Piketty (2014), "El capital en el siglo XXI".

¹⁵ Brynjolfsson e McAfee (2015) Entrevista en Harvard Business Review. "[The Great Decoupling.](#)"

¹⁶ Comisión Europea (2019), "[The changing nature of work and skills in the digital age.](#)"

¹⁷ Anton Korinek, Martin Schindler e Joseph Stiglitz (2021), "[Technological Progress, Artificial Intelligence, and Inclusive Growth.](#)"

subliña a importancia de acadar que macro tendencias como a globalización, as transicións ecolóxica e dixital, os cambios demográficos e as variacións nos patróns de traballo sexan procesos equitativos e inclusivos.

A pesar destas tendencias, en España o **efecto redistributivo dos impostos** e as transferencias monetarias diminuíu desde 2008, situándose por debaixo da media europea, debido á menor presión fiscal e a un sistema fiscal pouco progresivo, cun maior protagonismo á imposición sobre o consumo¹⁸.

En paralelo, nas últimas décadas moitos países como España experimentaron un proceso de **encarecemento da vivenda**, máis agravado nas grandes cidades e especialmente nas zonas turísticas. Nos últimos anos o incremento nos prezos da vivenda foi moito maior que o dos ingresos familiares. En concreto, entre o 2015 e o 2021, a taxa de variación do Índice de Prezos de Vivenda incrementouse nun 31,9%¹⁹ en España, en contraste co aumento dos ingresos familiares que terían medrado só nun 17,1% no mesmo período²⁰. Como consecuencia, o 40% das familias que recorren ao alugueiro no mercado privado destinan máis do 40% dos seus ingresos aos gastos de vivenda.

Recentemente, a sociedade veuse ademais sometida a uns elevados niveis de **inflación**, acadando o máximo do 10,8% en décadas en xullo de 2022²¹. Isto xerou o encarecemento dos prezos da enerxía e de moitos bens básicos, entre eles a alimentación, así como un incremento do pagamento por xuros dos préstamos hipotecarios, encarecendo indirectamente o acceso á vivenda.

A transmisión interxeracional da desigualdade

Unha cuestión que gañou recentemente importancia no debate público é o feito de que a exclusión das xeracións previas limita as posibilidades de inclusión no presente. A orixe social e económica dos pais e nais ten un impacto directo sobre o rendemento académico dos seus fillos/as, influíndo con elo nas súas posibilidades de acceso ao emprego e, polo tanto, de exclusión. Noutras palabras, existe unha correlación entre a posición no ingreso e o nivel educativo entre pais/nais e fillos/as²². Ademais, é importante ter en conta que os ingresos non só veñen das rendas de traballo, senón que veñen tamén do patrimonio das persoas, a través do capital.

Na mesma liña, a relación entre a porcentaxe de persoas de entre 30 e 49 anos en situación de risco de pobreza segundo a ocupación do pai cando estas persoas tiñan 14

¹⁸ José María Durán Cabré e Alejandro Esteller Moré (2022) "Adáptase o sistema fiscal español á demanda social de redistribución?" Capítulo no libro "[Desigualdade e pacto social](#)", coordinado por Luis Ayala Cañón.

¹⁹ INE. Índice de Prezos da Vivenda.

²⁰ Enquisa de Condicións de Vida (ECV). INE.

²¹ Taxa anual do IPC. Índice Xeral. INE.

²² Future Policy Lab (2022) "[Derribando el dique de la meritocracia](#)".

anos tamén resulta determinante: aquelas persoas que o seu pai non se atopaba traballando cando tiñan 14 anos ou desenvolvía ocupacións elementais sofren taxas de pobreza moi superiores ás demais persoas, atopándose as menores taxas entre ocupacións de maiores salarios (profesionais científicos/as e intelectuais, directores/as e xerentes) e o persoal de apoio administrativo²³.

Se ben a transmisión interxeracional da pobreza non ten por que ser unha crítica absoluta ao enfoque da inclusión activa, e de feito pode interpretarse como un incentivo á acción temperá para previr esta transmisión nas xeracións vindeiras, si supón unha constatación de que as posibilidades de participar no mercado laboral en condicións inclusivas son menores para parte da poboación, en concreto para aquelas persoas que proveñen de familias cun maior grao de vulnerabilidade. Non obstante, o efecto da pobreza dos proxenitores no rendemento educativo dos seus fillos e fillas, e con elo nas súas posibilidades de inserción laboral futura, si implica unha conclusión clara en canto á aplicación práctica do enfoque de inclusión activa: **cómpre avanzar no fortalecemento das políticas de inclusión activa con medidas de calado no plano educativo** que aseguren tanto o acceso dos/as menores de familias máis vulnerables a unha educación de calidade como os apoios suficientes para acadar un rendemento escolar adecuado.

A multidimensionalidade dos procesos de exclusión

Na práctica os procesos de exclusión atenden a unha lóxica multidimensional, é dicir, a unha gran diversidade de elementos interrelacionados. A exclusión social polo tanto é o produto de desvantaxes en diferentes ámbitos como educación, vivenda, emprego, dereitos políticos, participación na vida cívica, relacións persoais e ingresos. Esta causalidade multidimensional da exclusión social implica que os enfoques dirixidos unicamente á inserción laboral son limitados. Por esta razón é importante realizar procesos integrais, como os propostos polo enfoque de activación inclusiva, descrito máis adiante (Zalakaín, 2020²⁴; Girardi, Pulignano e Maas, 2019)²⁵.

Existen diferentes ferramentas de diagnóstico da exclusión que se centran precisamente nesa perspectiva multidimensional. Por exemplo, a ferramenta elaborada pola Rede de Inclusión Social está pensada para o seu uso conxunto por parte dos servizos de emprego e os servizos sociais. Esta ferramenta estrutura a vulnerabilidade social en torno a 7

²³ Alto Comisionado contra la Pobreza Infantil (2020), "[La transmisión intergeneracional de la desigualdad en España](#)".

²⁴ Zalakaín, Joseba (2020). "Innovaciones, Tendencias y Buenas Prácticas en Materia de Inclusión Social en los Países de la Unión Europea" en Pérez Eransus, Begoña e Martínez Virto, Lucia "Políticas de inclusión en España: viejos debates, nuevos derechos". CIS.

²⁵ Girardi, S., Pulignano, V., & Maas, R. (2019). Activated and included? The social inclusion of social assistance beneficiaries engaged in "public works." *International Journal of Sociology and Social Policy*, 39(9–10), 738–751. <https://doi.org/10.1108/IJSSP-01-2019-0023>

ámbitos: situación económica, situación laboral, vivenda, situación sociosanitaria, situación relacional y aspectos transversais. Esta multidimensionalidade da exclusión social púidose observar con claridade durante a crise económica 2008-2013. Durante unha primeira fase da crise os procesos de exclusión estaban motivados principalmente polo desemprego ou a precariedade do emprego, sen embargo, durante a segunda fase emerxeron outras problemáticas de mercado carácter individual e familiar, como o deterioro da saúde física e psíquica, perda das relacións sociais e vínculos comunitarios ou o aumento dos conflitos intrafamiliares (Martínez Virto, 2014)²⁶, amosando con elo que na exclusión a ausencia de emprego xoga un papel importante, pero non é o único.

O emprego é unha vía fundamental para a inclusión das persoas, pero non é a única vía, non a solución para todas elas. Hai persoas que non poden traballar e outras que non poden facelo en condicións de normalidade debido á súa situación de exclusión. Isto rompe a concepción categórica do enfoque da inclusión activa sobre “as persoas cuxa condición as fai aptas para o traballo”, pois hai persoas cunha capacidade relativa de traballar. Polo tanto, a activación baseada só a través do emprego non ofrece unha oportunidade plena ás persoas vulnerables de acadar a inclusión social, o que nos leva á necesidade de enfoque de activación inclusiva, como se verá máis adiante.

Enfoques das políticas de inclusión en Europa

Como responder á complexa realidade da exclusión social? Durante a última década e media as políticas de inclusión foron evolucionando, partindo do enfoque da inclusión activa, que pon no centro o acceso ao emprego complementado con ingresos suficientes e apoio no acceso aos servizos. A partir deste punto de partida o enfoque da inclusión activa evolucionou cara a perspectiva baseada nos dereitos e no enfoque da activación inclusiva.

A inclusión activa

No ano 2008 a Comisión Europea publicou a **Recomendación da Comisión 2008/867/CE**, sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral. Este documento concibe a participación no mercado de traballo como o factor central da inclusión social. En palabras da propia recomendación, “as políticas de inclusión activa deberían facilitar a integración a un emprego duradeiro e de calidade de todas as persoas capaces de traballar, e proporcionar uns recursos suficientes para vivir con dignidade xunto coa axuda para a súa participación social destinada a aqueles que non poidan facelo”. Desta maneira, se ben vincúlase claramente a inclusión coa activación laboral tamén se subliña a obriga de proporcionar recursos suficientes ás persoas que non poidan traballar e apoios para o acceso aos servizos.

²⁶ Martínez Virto (2014), “Sobrevivendo la crisis. Estrategias de los hogares en dificultad”.

En resposta a esta formulación de inclusión activa, o documento recomenda aos Estados membros que “conciban e apliquen unha estratexia global integrada para a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral na que se combinen un **apoio á renda** adecuado, uns **mercados de traballo inclusivos** e **acceso a uns servizos de calidade**”. Con elo a Comisión definiu os tres piares nos que se deben fundamentar as políticas de inclusión activa:

1. **O apoio á renda adecuada** consiste en transferencias monetarias regulares para que as persoas necesitadas poidan contar cos recursos económicos suficientes para vivir con dignidade (ingresos mínimos).
2. **O desenvolvemento de mercados de traballo inclusivos** consiste en medidas para que as persoas que están en condicións de traballar poidan acadar un emprego e permanezan no mesmo.
3. **O acceso a uns servizos de calidade** refírese ao acceso a servizos esenciais como servizos sociais, emprego e servizos de formación, vivenda, servizos de coidados infantís, servizos de coidados de longa duración ou servizos sanitarios.

Evolución do concepto de inclusión activa

Desde 2008 as políticas de inclusión evolucionaron desenvolvendo enfoques máis complexos. Sucesivas avaliacións sobre a aplicación da Recomendación 2008/867/CE confirmaron a validez do enfoque de inclusión activa, pero tamén destacaron unha serie de retos específicos²⁷, como:

- A falta de adecuación, o aproveitamento limitado e a reducida cobertura da renda mínima.
- Os posibles factores de desincentivación derivados dos sistemas fiscais e de prestacións.
- A necesidade de acceder a servizos de calidade que fomenten a inclusión social e a inserción laboral.
- Prestar máis atención e ofertar un apoio adecuado á inclusión social das persoas que non poden traballar.

A **Recomendación do Consello sobre unha renda mínima adecuada que procure a inclusión activa** (2023/C 41/01) continúa a desenvolver o enfoque de inclusión activa, poñendo o foco en “loitar contra a pobreza e a exclusión social e perseguir altos niveis de emprego” e remarcando que “o emprego sustentable e de calidade é a mellor maneira de saír da pobreza e a exclusión social”. Para elo a recomendación do Consello considera “de vital importancia apoiar ás persoas para que completen con éxito a súa transición no

²⁷ Recomendación do Consello sobre unha renda mínima adecuada que procure a inclusión activa (2023/C 41/01).

mercado laboral”, a través de medidas de apoio específicas que combinen medidas activas do mercado laboral, o respaldo á busca de emprego, a educación e a formación. Ademais, esta recomendación formula **combinar as rendas mínimas con incentivos ao acceso ao emprego**, é dicir: a percepción simultánea de ingresos polo emprego e polas rendas mínimas cando os ingresos polo emprego son insuficientes.

A activación inclusiva

Recentemente insístese de modo crecente no concepto de “activación inclusiva”. Este enfoque xira en torno a unha perspectiva máis ampla da inclusión activa, prestando atención a factores multidimensionais de exclusión que condicionan a propia inserción laboral. Este enfoque, desenvolvido por distintos investigadores (por exemplo, Heidenreich e Aurich Beerheide, 2014²⁸) presta especial atención aos seguintes aspectos (Zalakaín, 2018)²⁹:

- 1. Recoñecer a multicausalidade da exclusión e a multidimensionalidade da inclusión.** Isto implica asumir que existe unha serie de vulnerabilidades sociais nalgunhas persoas que lles impiden acceder ao mercado laboral e que requiren respostas específicas, e que polo tanto non se pode abordar o problema de exclusión social só a través de intervencións dirixidas á inserción laboral. Máis alá deste rol instrumental para a activación, o enfoque de activación inclusiva considera adecuado que os programas de inclusión aspiren a mellorar varias dimensións vitais como o lecer, a participación nas actividades comunitarias, etc.

- 2. Promover a personalización dos servizos e a autodeterminación das súas persoas usuarias.**

En coherencia co recoñecemento da multidimensionalidade da inclusión os servizos deben ser polo tanto personalizados, estruturados a través de procesos integrais que prestan atención a diferentes factores no seu conxunto. Deste modo insístese na autodeterminación da persoa usuaria, é dicir, que ela convértase en protagonista do seu proceso de inclusión. Isto responde a unha dobre lóxica: primeiro, de perspectiva na que a persoa actúa como suxeito en liberdade, en liña co enfoque baseado nos dereitos (descrito máis adiante); segundo, este tipo de enfoques resulta polo xeral máis eficiente, xa que favorece unha maior motivación por parte das persoas atendidas.

- 3. Revisar os criterios de condicionalidade desde a redución de danos e a baixa exixencia.**

²⁸ Heidenreich, M., & Aurich-Berheide, P. (2014). European worlds of inclusive activation: The organisational challenges of coordinated service provision. *International Journal of Social Welfare*, 23(S1), S6–S22. <https://doi.org/10.1111/ijsw.12098>

²⁹ Joseba Zalakaín (2018) “De la inclusión activa a la activación inclusiva”. Véase también Zalakaín, J., (2017) *Sistemas de bienestar y sociedade inclusiva: de la inclusión activa a la activación inclusiva. Documentación Social*, n. 186, p. 173-189

Cabe na reorientación dos servizos de atención ás persoas en situación de exclusión social atender especialmente á cuestión da condicionalidade e aos niveis de exixencia, a partir da reivindicación da autonomía e a autodeterminación das persoas usuarias.

A propia Recomendación do Consello de 2023 incorpora moitos destes elementos, recomendando entre outras que os Estados membros desenvolvan un enfoque individualizado baseado, tanto nunha avaliación multidimensional das necesidades para examinar os atrancos á inclusión social e o emprego, como nun paquete de apoio adaptado ás necesidades individuais, baseado nun plan de inclusión no que se definan obxectivos conxuntos e prazos. Tamén recomenda que as políticas de inclusión activa “estuden detidamente as complexidades das desvantaxes múltiples e das situacións e as necesidades específicas dos diversos grupos vulnerables”.

No 2017 o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión proclamaron o **piar europeo de dereitos sociais**³⁰. O piar proclama 20 principios, varias das cales encádranse no capítulo III sobre protección e inclusión social: asistencia e apoio aos nenos e nenas, protección social, prestacións por desemprego, renda mínima, pensións e prestacións de vellez, sanidade, inclusión das persoas con discapacidade, coidados de longa duración, vivenda e asistencia para as persoas sen fogar e acceso aos servizos esenciais. O principio 14 mantén o enfoque da inclusión activa, establecendo que “toda persoa que careza de recursos suficientes ten dereito a unhas prestacións de renda mínima adecuadas que garantan unha vida digna ao longo de todas as etapas da vida, así como o acceso a bens e servizos de capacitación, e que para as persoas que poden traballar, as prestacións de renda mínima débense combinar con incentivos á (re)integración no mercado laboral”.

Tendencias no deseño e a implantación de políticas de inclusión social

Máis alá dos enfoques de inclusión é importante entender como se deseñan e implantan as súas políticas na práctica. Nas últimas dúas décadas desenvolvéronse diferentes modelos de protección social nos países europeos. A propia Recomendación do Consello de 2023 recoñece que “aínda que todos os Estados membros dispoñen de redes de seguridade social, os avances para lograr que sexan accesibles e adecuados foron desiguais”. Destacamos de seguido algúns elementos clave no deseño e implantación das políticas de inclusión.

³⁰ [Proclamación interinstitucional sobre o piar europeo de dereitos sociais.](#)

Cobertura e contía dos sistemas de apoio de rendas

Os programas de renda mínima en Europa comparten una serie de elementos comúns, sen embargo, na práctica difiren amplamente no seu deseño en canto á súa xenerosidade, cobertura, gobernanza territorial, condicións, grao de discrecionalidade na provisión das prestacións, condicións de elixibilidade ou requisitos de condicionalidade, e tamén na súa capacidade de protexer ás persoas usuarias e os tipos de servizos de activación dispoñibles.

A **Recomendación do Consello de 2023** considera que a **contía de ingresos** é adecuada “cando garante unha vida digna en todas as etapas da vida”, recomendando que a axuda á renda das persoas que carecen de recursos suficientes acade un nivel que sexa, como mínimo, equivalente a un dos seguintes:

- a) O limiar nacional de risco de pobreza, ou
- b) o valor económico dos bens e servizos necesarios, incluída unha alimentación adecuada e dispoñer dunha vivenda, asistencia sanitaria e servizos esenciais apropiados, de acordo coas definicións nacionais, u
- c) outros niveis comparables aos mencionados nas letras a) ou b), que se establezan na lexislación ou as prácticas nacionais.

Recomenda así mesmo aos Estados membros que alcancen gradualmente este nivel adecuado de axuda á renda a máis tardar en 2030.

Por **cobertura** enténdese a medida na que todas as persoas que necesitan apoio de rendas recíbenas efectivamente. A mesma Recomendación do Consello establece tamén recomendacións en canto á cobertura, especificando que “a idade, a existencia dun domicilio permanente ou o requisito dunha residencia legal de duración desproporcionada non deben constituír un atranco para acceder á renda mínima”, e que o acceso á renda mínima debe concederse de xeito rápido.

Mercados de traballo inclusivos

Un elemento esencial das políticas de inclusión activa consiste na posta en marcha de medidas que favorezan a inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión. Para iso existen principalmente dúas perspectivas, de oferta e de demanda:

Desde a perspectiva de oferta, o desenvolvemento de mercados de traballo inclusivos céntrase na creación de oportunidades laborais para as persoas excluídas. Estas medidas poden incluír por exemplo (Pérez Eransus, Martínez Virto e Sánchez Salmerón, 2020, p.10):

- creación de emprego a través de inversión directa en novos sectores económicos ou investimento en accións de investigación e desenvolvemento.

- apoios para o mantemento do emprego a través do fomento das contratacións estables ou a subvención do emprego.
- reparto do emprego mediante incentivos para contratos a tempo parcial.
- subvencións á contratación de grupos vulnerables (maiores de 45 anos, discapacidade, mulleres, mozos/as).
- creación de formas de emprego protexido destinadas á poboación especialmente afastada do emprego.

Desde a perspectiva de demanda o desenvolvemento de mercados de traballo inclusivos céntrase en medidas que favorezan ou melloren a demanda de traballo. Existen principalmente dous enfoques:

- **Enfoque orientado a incentivos** que reúne unha serie de medidas que perseguen motivar ás persoas vulnerables ao emprego, ben a través de incentivos “capacitadores” (apoio aos ingresos para complementalos) (Daigneault, 2014) ou ben usando instrumentos punitivos ou incentivos negativos como sancións polo incumprimento de requisitos de busca de emprego ou por rexeitar ofertas de traballo (Bonoli, 2011).³¹
- **Enfoque capacitador** (*enabling*), céntrase en medidas destinadas a mellorar a capacidade das persoas vulnerables para traballar. As políticas activas de emprego como a formación situaríanse neste grupo, coa finalidade de mellorar o capital humano. Tamén atópanse neste grupo outras medidas como as orientadas a promover posibilidades de integración social, superando problemáticas de exclusión (Weishaupt, 2011³²), ou as orientadas a mellorar a dispoñibilidade para o emprego, como os servizos de cuidados orientados á reinserción laboral das nais (Dingeldey 2007³³; Bonoli 2011). Outras medidas como accións de intermediación entre as persoas desempregadas e as empresas, as accións de prospección de emprego (Bonoli 2010³⁴, 2011; Pérez Eransus, Martínez Virto e Sánchez Salmerón, 2020).

As perspectivas de oferta e de demanda, así como o enfoque orientado a incentivos e o capacitador dentro da perspectiva de demanda, non son en absoluto excluíntes, senón que poden perfectamente coexistir, xerando sinerxías entre elas. De feito, estas tres

³¹ Bonoli, G. (2011), Active labour market policy in a changing economic context. In J. Clasen and D. Clegg (eds), *Regulating the Risk of Unemployment. National Adaptations to Post-industrial Labour Markets in Europe*, Oxford: Oxford University Press, pp.318–32.

³² Weishaupt, T. (2011), *From the Manpower Revolution to the Activation Paradigm: Explaining Institutional Continuity and Change in an Integrating Europe*, Amsterdam: Amsterdam University Press.

³³ Dingeldey, I. (2007), Between workfare and enablement – The different paths to transformation of the welfare state: A comparative analysis of activating labour market policies, *European Journal of Political Research*, 46, 6: 823–57.

³⁴ Bonoli, G. (2010), The political economy of active labor-market policy, *Politics and Society*, 38, 4: 435–57.

estratexias son en certo punto precisas para superar as barreiras á participación no mercado de traballo que sofren moitas das persoas en situación ou risco de exclusión.

A principal tendencia en España é unha combinación de ambas as dúas perspectivas, destacando como instrumentos os incentivos a empresas para a contratación, e a formación de persoas (Pérez Eransus, Martínez Virto e Sánchez Salmerón, 2020). O primeiro instrumento encadraríase na perspectiva de oferta e o segundo encaixaría na perspectiva de demanda desde un enfoque capacitador.

A **Recomendación do Consello de 2023 fai fincapé en ambas as dúas perspectivas**. Pon énfase en elementos propios da demanda como “as oportunidades de mellora das capacidades e a reciclaxe profesional, o apoio personalizado e a orientación dirixida a necesidades específicas”, ou a mellora do “investimento en capital humano a través de políticas de educación e formación inclusivas”. Ao mesmo tempo inclúe elementos da perspectiva de oferta, como o fomento do mantemento do emprego, o emprego na economía social, ou medidas específicas para que emprega dirixidas a facilitar a transición ao emprego. Así mesmo remarca que as redes de seguridade social son un “trampolín para a integración socioeconómica e a mobilidade social ascendente, ao tempo que melloran a inclusión e as perspectivas de emprego”, en contraste cunha concepción como instrumentos meramente pasivos.

Modelos de servizos integrados

A multidimensionalidade dos procesos de exclusión implica que non se pode abordar o problema de exclusión social a través da intervención illada. Polo tanto, son precisos (Zalacaín 2020, pp. 75-77):

1. **Procesos integrais** como resposta ao conxunto de diferentes factores.
2. **Diversidade de servizos** (segundo as necesidades das persoas).
3. **Non só participación no mercado de traballo**, senón tamén considerar outros tipos de aportacións á sociedade.
4. **Mecanismos de coordinación** para garantir unha resposta eficiente e adecuada dun conxunto diverso de servizos proporcionados por diferentes administracións de varios niveis.

Nesta mesma liña, a **Recomendación do Consello de 2023** propón que se desenvolvan servizos de inclusión social como “o asesoramento, a orientación, a titorización, o apoio psicolóxico e diversos programas de rehabilitación, así como as medidas que facilitan o acceso a outros servizos esenciais ou de capacitación, para crear redes de seguridade social sólidas”.

Investimento na infancia

A educación e a protección da infancia adquiren cada vez máis relevancia, non só pola necesidade de garantir os **dereitos da infancia**, senón como maneira de reducir a **transmisión interxeracional da pobreza** e pola **empregabilidade futura** de quen hoxe son máis pequenos e pequenas.

No 2013 a Comisión Europea publicou a **Recomendación para investir na infancia: rachar o ciclo das desvantaxes**³⁵ que orienta aos Estados membros sobre estratexias integradas en tres piares para combater a pobreza infantil e promover o benestar da infancia. Un deles é o acceso a servizos alcanzables e de calidade, co fin de reducir as desigualdades na infancia investindo na educación e nos cuidados da primeira infancia, así como a mellorar o impacto dos sistemas educativos na igualdade de oportunidades. A recomendación sobre infancia está aliñada co principio de inclusión activa, considerando o acceso a recursos adecuados, que inclúe o apoio á participación dos pais e nais no mercado laboral, como un dos seus tres piares. O último dos tres piares é o dereito dos nenos e nenas a participar, establecendo mecanismos que fomenten a súa participación na toma das decisións que afecten ás súas vidas. Desta maneira obsérvase tamén unha orientación cara o empoderamento da persoa e a súa consideración como suxeito activo desde idades temperás, en liña co fundamento da activación inclusiva.

A **Recomendación do Consello de 2023** fai referencia á Recomendación do Consello de xuño de 2021 pola que se establece una **Garantía Infantil Europea**³⁶. Nela establécese que os Estados membros garantan aos nenos e nenas en situación de necesidade “un acceso efectivo e de balde á educación infantil e atención á primeira infancia de alta calidade, á educación” e que “creen un marco de actuación integrado e facilitador para abordar a exclusión social dos/as menores, que estea centrado en rachar os ciclos interxeracionais de pobreza”. Para elo, recoméndase seguir unha perspectiva multidisciplinar e garantir que as políticas non só educativas, senón tamén sociais, sanitarias, de alimentación e de vivenda a escala nacional, rexional e local sexan coherentes e, na medida do posible, mellorar a pertinencia destas políticas para apoiar aos nenos e nenas de maneira integrada”. Ademais, remarcando a importancia do enfoque de inclusión activa para a infancia, a propia Recomendación sobre a Garantía Infantil Europea remarca a importancia de “garantir unhas políticas e recursos adecuados, por exemplo, mediante medidas de integración no mercado laboral, medidas de apoio para os proxenitores/as ou tutores/as e complementos á renda das familias e os fogares”.

Existen diversos modelos de actuación en canto ás políticas que loitan contra a pobreza infantil. Polo xeral, os resultados de maior éxito obtéñense a través das políticas que combinan diversos elementos, como prestacións suficientes, reducións impositivas,

³⁵ [Recomendación \(2013/112/UE\) Invertir en la infancia: romper el ciclo de las desventajas.](#)

³⁶ [RECOMENDACIÓN \(UE\) 2021/1004 DEL CONSEJO de 14 de junio de 2021 por la que se establece una Garantía Infantil Europea.](#)

servizos de apoio ás familias, políticas de fomento do emprego, conciliación da vida laboral e familiar e sistemas públicos de coidados infantís. Os niveis de pobreza infantil en España foron tradicionalmente altos, o que se relaciona cun nivel de investimento de recursos públicos na infancia menor á media dos países da nosa contorna, pero tamén coa limitada capacidade das prestacións sociais de reducir a pobreza infantil en comparación con outros países (Cantó e Ayala, 2014)³⁷.

Os enfoques de prevención de danos

Nos últimos anos foi gañando importancia un enfoque de inclusión social orientado á prevención e preparación de situacións de exclusión en lugar de se centrar na reparación destas situacións (Zalakaín, 2020)³⁸.

As **medidas de apoio á infancia** desde o punto de vista da transmisión interxeracional da pobreza son un claro exemplo de políticas orientadas á prevención da exclusión social no longo prazo, dado que o baixo rendemento escolar durante a infancia, máis frecuente nos fogares vulnerables, tradúcese cunha alta probabilidade de exclusión na idade adulta. Neste sentido as medidas de apoio e reforzo escolar desde idades temperás teñen probado ser determinantes. Ademais, canto máis temperá é a idade do investimento en educación, maiores son os retornos en termos de capital humano: os retornos máis elevados obtense na etapa preescolar, seguidos da etapa escolar e por último na formación para o emprego na idade adulta³⁹.

Desde outro punto de vista, o enfoque preventivo das políticas de inclusión supón ampliar o ámbito de actuación dos servizos sociais á poboación en xeral, especificamente a aquelas persoas que se atopan nunha situación de maior de fragilidade (Fantova, 2017)⁴⁰.

Neste sentido a **Recomendación do Consello de 2023** considera á renda mínima como unha ferramenta capaz de actuar como un estabilizador automático. En tempos de crise económica axuda a paliar a caída dos ingresos dos fogares e frear con elo os niveis de persoas en risco de pobreza ou de exclusión social, contribuíndo a “apoiar unha recuperación sustentable e inclusiva”. Esta última afirmación responde ademais a outra tendencia de cambio de concepción das políticas de inclusión, que pasan de verse como un gasto a un investimento produtivo orientado a desenvolver sociedades e economías cun maior crecemento do emprego (Zalakaín, 2020). A recomendación recoñece a

³⁷ Olga Cantó e Luis Ayala (2014) [“Políticas públicas para reducir la pobreza infantil en España: análisis de impacto”](#). UNICEF

³⁸ Joseba Zalakaín. Capítulo no libro “Políticas de inclusión en España: viejos debates, nuevos derechos”. CIS.

³⁹ European Expert Network on Economics of Education (EENEE). (2018). [“Benefits of Early Childhood Education and Care and the conditions for obtaining them.”](#) Michel Vandenbroeck, Karolien Lenaerts and Miroslav Beblavý.

⁴⁰ Fantova (2017), “Los servizos sociais como pieza clave para una estrategia de inversión social”.

importancia da inclusión para xerar beneficios sociais e económicos duradeiros para a Unión, impulsar a cohesión económica, social e territorial e dar lugar a unhas sociedades máis equitativas, cohesionadas e resilientes.

O enfoque centrado na vivenda

Como se viu con anterioridade, un factor crítico da exclusión social son as dificultades de acceso á vivenda; recentemente, en encarecemento e as dificultades de acceso á vivenda e a necesidade de dar resposta a esta realidade, situáronse no centro do debate político non só en España senón en moitos países europeos.

O fenómeno das persoas sen fogar é a expresión máis crúa desta realidade. En resposta ao senfogarismo existiron diferentes enfoques. O enfoque centrado na vivenda consiste en que, no lugar de apoiar á persoa sen fogar en diferentes ámbitos para que acade progresivamente a mellora da súa situación ata chegar ao acceso a unha vivenda, comézase por ofertar directamente o acceso a unha vivenda. Os enfoques centrados na vivenda diferéncianse dos modelos de intervención graduada ou lineal, nos que as persoas sen fogar van superando diferentes etapas e retos ata que se lles considera preparados/as para acceder a unha vivenda. Isto implica de facto unha baixa exigencia de requisitos que debe cumprir a persoa para acceder ou permanecer na vivenda. A lóxica é que, aínda que as causas do senfogarismo son complexas e diversas, a situación de rúa é determinante e provoca dano á saúde mental, á autoestima, ou problemas de hixiene persoal que dificultan, por exemplo, o acceso ao emprego, entre outros.

Con este enfoque preténdese, polo tanto, resolver este círculo vicioso desde o inicio a través de políticas centradas na vivenda e con iso facilitar que a persoa consiga superar a súa complexa problemática individual e se reintegrar na sociedade. No 2014 o Parlamento Europeo aprobou unha declaración na que se remarcou a eficacia dos enfoques centrados na vivenda⁴¹, considerando a vivenda non só como unha necesidade humana básica senón tamén como “unha premisa para unha vida digna e para a inclusión social”. A mesma resolución recoñece ademais que a problemática das persoas sen fogar “ten, pola súa propia natureza, múltiples aspectos, polo que require unha resposta política polifacética”. Polo tanto, a tendencia apunta respostas institucionais que teñan unha formulación integral da persoa, indo máis alá de respostas parciais e puntuais a situacións de emerxencia. Ademais, este enfoque favorece o acceso a vivendas normalizadas, en lugar de a albergues, que pasan a ser solucións de emerxencia e portas de entrada ao acceso a unha vivenda estable.

Unha aplicación do enfoque centrado na vivenda é o chamado **modelo *housing first***. Este modelo consiste en ofertar de maneira temperá unha vivenda con carácter permanente a persoas sen fogar, ofertando ademais unha serie de apoios

⁴¹ [Resolución do Parlamento Europeo, do 16 de xaneiro de 2014, sobre unha estratexia da UE para as persoas sen fogar \(2013/2994\(RSP\)\)](#).

complementarios, principalmente en materia de saúde e servizos sociais. O fundamento deste enfoque contempla polo tanto elementos da activación inclusiva, como a baixa exigencia ou os apoios multidisciplinares, e do enfoque baseado nos dereitos, neste caso á vivenda.

Gobernanza do sistema: mecanismos de coordinación

O enfoque de activación inclusiva e os modelos de servizos integrados, que son proporcionados por diferentes administracións, requiren de **estruturas de gobernanza que faciliten a coordinación** entre os distintos actores. Isto é esencial para ofertar servizos de calidade, garantir a súa eficacia e evitar solapamentos que redunden na perda de eficiencia.

A propia **Recomendación del Consello de 2023** menciona que é fundamental contar con mecanismos de gobernanza eficaces para crear e desenvolver redes de seguridade social sólidas recomendando que os Estados membros:

- Eviten os desequilibrios, os solapamentos e a fragmentación de diversas prestacións e réximes.
- Reforcen a capacidade operativa das autoridades encargadas da axuda á renda, os servizos de emprego e os provedores de servizos de capacitación.
- Melloren a súa cooperación, concretamente mediante o intercambio de datos e a promoción de modelos de servizos máis integrados. Para unha cooperación máis estreita entre os distintos niveis de gobernanza e os servizos recomenda acordos formais ou xanelas únicas.
- Capaciten aos actores que interveñen nas políticas de inclusión.
- Procuren un financiamento adecuado das redes de seguridade social.
- Realicen un seguimento fiable e unha avaliación periódica do impacto das políticas, coa participación de todas as partes interesadas, que favoreza unha maior eficiencia, a unha formulación de políticas fundamentada e a unha maior transparencia dos sistemas nacionais.

A implantación das políticas de inclusión é un ámbito de competencias compartidas entre os distintos niveis da administración pública e que conta coa participación das entidades da sociedade civil, máis aínda no caso de se ofertar modelos holísticos de apoio (ver sección anterior). Isto reforza a importancia da coordinación para que as políticas de inclusión social sexan máis eficientes. Neste sentido a [Estratexia nacional de prevención e loita contra a pobreza e a exclusión social 2019-2023](#) inclúe entre as súas catro metas a de “Eficacia e eficiencia das políticas”, como un eixo transversal. Esta meta busca a concepción global e integral das políticas, a mellora da coordinación interdepartamental, a coordinación interterritorial, tanto no ámbito autonómico e municipal como coa Unión Europea, e a participación activa de todos os actores na

Estratexia, incluíndo de maneira especial ao Terceiro Sector de Acción Social polo seu papel máis próximo ás persoas vulnerables.

Na mesma dirección, a [Rede de Inclusión Social](#) promove a cooperación entre os servizos sociais, os servizos de emprego e as entidades do terceiro sector en materia de inclusión social, especialmente no que respecta á inclusión activa. A súa finalidade é xerar cambios no deseño e aplicación das políticas de emprego e inclusión social e con elo mellorar a súa eficacia, especialmente coas persoas máis afastadas do mercado laboral e en risco de pobreza e exclusión social. Para elo, desenvolveu protocolos de coordinación entre emprego, servizos sociais e entidades do terceiro sector, os sistemas de intercambio de información⁴², as ferramentas de diagnóstico de vulnerabilidade social deseñadas para o seu uso por parte de emprego e servizos sociais⁴³ ou o desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación social⁴⁴.

4. PERSOAS E GRUPOS DESTINATARIOS

Ao igual que a anterior, a Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 está dirixida a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social. Estas situacións veñen determinadas pola concorrencia de diversos factores de risco e/ou de exclusión.

Esta Estratexia adoptará os criterios para a valoración do risco ou da situación de exclusión social previstos no artigo 3 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. En consecuencia, terán a consideración de exclusión social as situacións que sofren as persoas que se atopan cun déficit grave de recursos económicos, aínda que realicen actividades laborais, e que presentan, ademais, os factores de vulnerabilidade seguintes, sempre e cando estes constitúan un atranco para a súa inserción social e laboral:

- ▶ Atoparse nunha situación de cargas familiares non compartidas
- ▶ Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoas e sociais de natureza semellante
- ▶ Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero

⁴² Rede de Inclusión Social. [Grupo de traballo sobre sistemas de información dos servizos de emprego e os servizos sociais.](#)

⁴³ Rede de Inclusión Social. [Grupo de Traballo sobre Ferramentas de Diagnose de situacións de vulnerabilidade e/ou exclusión social.](#)

⁴⁴ Rede de Inclusión Social. [Grupo de Traballo sobre proxectos piloto de coordinación entre servizos sociais e servizos de emprego.](#)

- ▶ Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%
- ▶ Ser inmigrante ou emigrante retornado/a
- ▶ Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores
- ▶ Proceder de cumprimento de pena nunha institución penal
- ▶ Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda
- ▶ Pertencer a unha minoría étnica

Ademais, considerarase na intervención calquera outro factor que, en concorrencia con algún dos anteriores, condicione de xeito negativo a inclusión social e laboral dunha persoa, como é a vulnerabilidade vinculada á exclusión territorial ou outras por razón de discriminación de múltiple natureza, como a que aborda a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Todos os obxectivos específicos traballaranse desde a interculturalidade e interseccionalidade.

A Estratexia, así mesmo, comprenderá obxectivos e actuacións dirixidas á poboación xeral ou a algún sector desta, por razón de interese para acadar unha sociedade máis inclusiva e cohesionada, ou por ter identificado neste certa vulnerabilidade na que se poda intervir de xeito preventivo.

5. VIXENCIA

A Estratexia de inclusión social de Galicia levarase a cabo no período comprendido polos anos desde o 2023 ao 2030, ambos os dous incluídos.

Tal e como se especifica no sétimo apartado deste documento, sobre a súa implantación, a Estratexia articularase a través de sucesivos marcos de programación bianuais, os denominados Plans Operativos de Inclusión Social.

6. DESPREGADURA ESTRATÉGICA: EIXOS E OBXECTIVOS

Principios reitores

No núcleo desta Estratexia atópanse un conxunto de principios reitores que orientaron o deseño estratéxico e que sustentarán a implantación da Estratexia durante a súa vixencia no período 2023-2030. Estes principios inspíranse nos acordos alcanzados no Piar Europeo de Dereitos Sociais, as recomendacións formuladas pola Comisión Europea e outras institucións da Unión Europea en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social, e concréntanse nun total de seis:

PREVENCIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

A contención da pobreza require dun enfoque preventivo baseado na detección temperá de situacións de risco para ofertar respostas axeitadas e oportunas que eviten a cronificación e a acumulación de desvantaxes sociais nos distintos ámbitos da vida.

ATENCIÓN E APOIO AO GRUPOS DE POBOACIÓN MÁIS VULNERABLES

Esta Estratexia formula obxectivos e liñas de actuación orientadas ao desenvolvemento de medidas que permitan compensar as desvantaxes, e enfoca os seus esforzos na atención dos perfís máis vulnerables.

ENFOQUE DE DEREITOS

Os obxectivos da Estratexia están orientados a protexer os dereitos das persoas en risco ou situación de pobreza e exclusión social, en tanto se trata de situacións que vulneran os dereitos fundamentais das persoas a nivel político, económico, social e cultural. Así, a administración recoñece o deber de xerar respostas adecuadas que garanten los dereitos das persoas e que promovan o seu empoderamento.

INCLUSIÓN ACTIVA

A Estratexia aséntase na [Recomendación do Consello de 30 de xaneiro de 2023 sobre unha renda mínima adecuada que procure a inclusión activa](#), integrando os tres piares nos que débense fundamentar as políticas de inclusión activa: o **apoio á renda adecuada**, o **desenvolvemento de mercados de traballo inclusivos** e o **acceso a servizos de calidade** que permitan investir nas persoas e xerar as condicións que permitan un certo nivel de igualdade de oportunidades e benestar.

ACTIVACIÓN INCLUSIVA, PARTICIPACIÓN E EMPODERAMENTO DAS PERSOAS

As persoas son o centro desta Estratexia. As respostas aquí plasmadas pretenden adaptarse ás necesidades de cada persoa, ofertando as condicións para que se respecte o seu dereito a decidir e participar a través dos procesos de activación inclusiva, establecendo mecanismos que fomenten a súa participación na toma de decisións que afecten ás súas vidas, orientando así as accións cara o empoderamento da persoa e a comunidade, como suxeitos activos da sociedade.

INTERSECCIONALIDADE

A Estratexia incorpora a interseccionalidade de forma transversal como recoñecemento á complexidade dos factores que afrontan as persoas que teñen identidades múltiples e diversas; e considera como interactúan e se reforzan mutuamente os diferentes sistemas de discriminación e vulnerabilidade, creando experiencias únicas de desvantaxe para quen se atopan na intersección de distintos factores de exclusión. Como principio estratéxico, a interseccionalidade busca desenvolver enfoques máis inclusivos e efectivos das políticas, considerando as diferenzas nas experiencias das persoas por mor do seu xénero, raza, clase social, orientación sexual, capacidade, entre outros factores .

Desenvolvemento estratéxico


A Estratexia estrutúrase a partir de cinco **metas estratéxicas** e os seus correspondentes **eixos estratéxicos**, que se articulan nun total de **21 obxectivos específicos** e **143 liñas de actuación** que orientarán a programación operativa e a implantación das medidas e actuacións necesarias para alcanzar as metas e obxectivos trazados en cada eixo. Naqueles eixos nos que se estima necesario abordar varias temáticas que requiren dun tratamento específico inclúense, ademais, **ámbitos** de actuación.

A Estratexia aspira acadar as seguintes **metas**:

1. Previr os riscos de pobreza e exclusión social en Galicia a partir de estratexias inclusivas e participativas nos ámbitos centrais da vida que promoven o benestar individual, familiar e comunitario.
2. Reducir a pobreza e a exclusión social en Galicia, poñendo especial atención á pobreza infantil e aos perfís máis vulnerables, desde un enfoque de dereitos, de inclusión activa e activación inclusiva.
3. Promover a inclusión territorial rural e urbana en Galicia, a través do fortalecemento de diferentes servizos comunitarios e a xeración de oportunidades.

4. Acadar uns servizos sociais de inclusión social, máis eficaces, innovadores e eficientes.
5. Implantar a perspectiva interseccional na abordaxe da pobreza e a exclusión social e potenciar a diversidade cultural como elemento transformador das comunidades.

Pola súa parte, formúlense os seguintes eixos estratéxicos:



EIXO 1. Previr o risco de pobreza e de exclusión social.

Previr que as persoas estean en risco de pobreza e acumulen desigualdades sociais que deriven en situacións de exclusión social forma parte do núcleo desta Estratexia. A prevención pasa necesariamente pola **detección temperá** de situacións de risco de pobreza e/ou exclusión, de maneira que se activen os sistemas de protección necesarios para evitar a exacerbación destes riscos.

Así, no eixo **recoñécese a pobreza e a exclusión como un fenómeno multidimensional que require da abordaxe das múltiples causas que a ocasionan**, como poden ser as dificultades socioeconómicas afrontadas por fogares e familias de baixos ingresos, a perda do emprego ou a dificultade de se incorporar ao mercado laboral, a precariedade laboral, os procesos de envellecemento e a soidade non desexada, e outros factores que incrementan o risco da pobreza como a sobrecarga dos costes asociados ao acceso e mantemento da vivenda, procesos migratorios, desigualdade de xénero, entre outros.

Un reto como sociedade, é **prever e romper a transmisión interxeracional da pobreza**. Por iso, neste eixo formúlase obxectivos e liñas de actuación orientadas a ofertar apoios e protección para as familias con menores de idade para prever situacións de risco e desprotección que incidan no desenvolvemento e benestar dos nenos, nenas e adolescentes. Estas medidas abórdanse desde un enfoque integral que incorpora a protección social, a oferta e dispoñibilidade de servizos para familias e menores de idade en materia de primeira infancia, educación, nutrición e participación en actividades lúdicas e recreativas que potencien a integración e o benestar infanto-xuvenil na comunidade.

Eixo 2. Combater as situacións de pobreza e/ou de exclusión social

A loita contra a pobreza e a exclusión social debe integrar a garantía de ingresos, o emprego e o acceso a servizos esenciais que garantan a inclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade co obxecto de mellorar as condicións de vida das persoas de forma holística e sustentable. Así, neste eixo búscase proporcionar ferramentas e recursos para que a poboación obxectivo adquira habilidades, competencias e apoios para acceder ao mercado laboral e mantelo a longo prazo.

Dito o anterior, no eixo articúlanse obxectivos orientados a garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral, a promover a empregabilidade e a permanencia laboral, protexer os dereitos sociais e o acceso a servizos públicos en distintos ámbitos como a inclusión residencial (vivenda), a educación e formación, a saúde e o benestar, a redución da pobreza enerxética e a redución da fenda dixital das persoas de grupos de poboación vulnerables.

De igual forma, o eixo propónse abordar a pobreza infantil a través dunha atención integral ás familias en situación de pobreza e o acceso a servizos esenciais, na liña da Garantía Infantil Europea. Tamén márcase o obxectivo de responder a necesidades específicas dos grupos de poboación que enfrontan múltiples vulnerabilidades, factores de exclusión e discriminación.

Eixo 3. Potenciar a inclusión social desde a dimensión comunitaria, loitar contra a exclusión territorial e promover un territorio rural inclusivo

Este eixo propónse reducir a exclusión e a desigualdade territorial, que tende a exacerbarse na contorna rural. A polarización poboacional ten consecuencias moi intensas nos procesos de inclusión e exclusión social territorial. Nas zonas urbanas consolídanse cidades-eixos ao redor de núcleos moi dinámicos socioeconomicamente. Pola contra, nas zonas rurais o despoboamento, o envellecemento e a falta de oportunidades laborais, unida ás limitacións no acceso a determinados servizos, dificulta os procesos de **inclusión activa e a participación comunitaria**.

Nese sentido, estímase preciso mellorar o acceso a recursos comunitarios para as persoas que habitan en territorios afectados pola crise demográfica, dinamizar a economía e o mercado laboral en zonas rurais, asegurando o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos adecuados, seguros e alcanzables, prestando especial atención ás necesidades das persoas en situación de vulnerabilidade.

Eixo 4. Promover a mellora dos servizos sociais de inclusión.

Os servizos sociais en Galicia nas últimas décadas afrontaron situacións sociais que impactan directamente na calidade de vida das persoas e familias. Todas estas situacións aumentan a incidencia e permanencia da pobreza e exclusión social dentro do territorio galego. As transformacións sociais e económicas dos últimos anos demostraron que é preciso transformar e adaptar as políticas e os servizos sociais á nova realidade, mellorando o acceso aos servizos, desenvolvendo a atención centrada na persoa, personalizando as respostas, entre outras accións necesarias.

Este eixo reconece a necesidade de impulsar a innovación social para desenvolver solucións sustentables aos novos problemas. Así mesmo, propónse reforzar a colaboración público-privada e o papel do Terceiro Sector na provisión de servizos sociais e mellorar o funcionamento e a eficacia dos dispositivos da Estratexia, para consolidar e mellorar os procesos de coordinación, e promover a igualdade entre homes e mulleres. Dando resposta ás necesidades da poboación e **potenciar así a equidade, a cohesión e a resiliencia dentro de todo o territorio.**

Eixo 5. Perspectiva interseccional e diversidade cultural.

En Galicia os contextos socioeconómicos son diferentes, marcados non só polo ámbito rural ou urbano no que habitan as persoas, senón tamén polas súas propias dinámicas comunitarias e a expresión da diversidade cultural dos e das novas residentes en Galicia. A través da atención por parte dos servizos sociais, evidenciouse na poboación atendida unha maior presenza de factores como a condición de persoa migrante, a monomarentalidade e monoparentalidade; así como a desigualdade estrutural entre homes e mulleres, reflectíndose neles a incidencia dos principais eixos de desigualdade que presenta a poboación.

Dada esta realidade, propónse este eixo transversal co obxecto de **responder ás necesidades específicas derivadas dos diferentes eixos de desigualdade que os interseccionan** como: idade, xénero, a clase social, etnia de pertenza, país de orixe, entre outros. Nel se comprenden diferentes liñas de actuación que vinculan a atención e a promoción da diversidade cultural e interculturalidade nos distintos ámbitos da inclusión social.

EIXO 1. PREVIR O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Previr os riscos de pobreza e exclusión social na Comunidade autónoma, a nivel provincial e local, a través de estratexias inclusivas e participativas nos ámbitos centrais da vida que promoven o benestar individual, familiar e comunitario

En Galicia, o 23,6 % da poboación está en risco de pobreza e/ou exclusión social, o que representa un 1,3 punto menos que con respecto ao 2015 (24,9%), de acordo cos datos da Enquisa de Condicións de Vida do INE, 2022. **Estímase, así, que ao redor de 634.949 persoas residentes en Galicia están en risco de pobreza e/ou exclusión social. Nunha análise por sexos, atendendo aos datos desta mesma enquisa do ano anterior e aos últimos publicados polo Instituto Galego de Estatística⁴⁵, preto do 47% son homes e 53% son mulleres.** Estas cifras indican **unha desigualdade de xénero** que se traduce en maiores situacións de vulnerabilidade para a poboación feminina, así como para as familias monomarentais e monoparentais.

Ao analizar a taxa AROPE segundo a variable idade, atópase que o ano 2021 as cifras máis elevadas corresponden aos nenos, nenas e adolescentes (NNA). Sen dúbida, **previr a pobreza infantil a través de accións que garantan os seus dereitos e o acceso a servizos esenciais é unha maneira de reducir a transmisión interxeracional da pobreza** e outros riscos asociados á vulnerabilidade. Neste sentido, por exemplo, en clave preventiva é clave incrementar as taxas de escolarización en idades temperás (0 a 3), tanto polo desenvolvemento cognitivo, físico, afectivo, social e natural dos nenos e nenas, como para a detección temperá dos seus posibles problemas de desenvolvemento e, de xeito paralelo, para favorecer a conciliación familiar.

As familias vulnerables considéranse un grupo de poboación que require especial atención. **En Galicia o 13,6% dos fogares está sustentado por unha persoa en situación de inestabilidade laboral grave**, dos cales un de cada catro non recibe prestacións por desemprego ou renda mínima. Aínda máis, son 15.500 as persoas que viven en fogares onde a principal persoa provedora traballa na economía informal, incrementando o risco de pobreza. En Galicia, en torno ao 12,5% da poboación traballadora está en situación de pobreza relativa e un 2,2% en situación de pobreza severa, segundo o informe FOESSA 2020. En ocasións, o risco de pobreza aumenta nos fogares con persoas de orixe estranxeiro e/ou étnico diverso, ambos os dous factores tenden a dificultar o acceso á protección social e aos servizos esenciais dos que goza o resto da poboación.

Son varios os factores que determinan o risco de pobreza e exclusión social. Unha das causas estruturais de maior envergadura é **a vulnerabilidade residencial das persoas con baixos ingresos e dificultades para acceder ao mercado laboral.** En Galicia,

⁴⁵ Instituto Galego de Estatística (2022) *Enquisa Estructural a Fogares, 2021*

obsérvase que ao redor do 5,4% da poboación ten sobrecarga nos gastos asociados á vivenda, é dicir que ten gastos superiores ao 40% da súa renda dispoñible. Entre as persoas en situación de pobreza e exclusión, esta cifra quintuplicase, alcanzando ao 24,8% do total. Por outro lado, o 19,5% das persoas en situación de pobreza gastan en vivenda máis da metade da súa renda⁴⁶. O encarecemento da vivenda ten impactos adicionais nos fogares con menores de idade, aínda que o problema dáse en menor intensidade con respecto á situación nacional. En Galicia, **o 5,8% dos fogares con menores de idade ten un gasto elevado en vivenda**, dous puntos porcentuais por encima das familias sen menores de idade. De continuar o incremento dos prezos, é esperable que se incremente a vulnerabilidade das persoas e fogares con menores ingresos, elevando o risco da pobreza e a exclusión socio residencial.

Tamén é importante destacar que existen outros factores que exacerban o risco da pobreza e a exclusión en Galicia. Algunhas delas están asociadas a factores estruturais, pero é importante tomar en consideración outros elementos sociais que poden derivar en situacións de exclusión, como é a soidade non desexada e a especial vulnerabilidade que afrontan os fogares unipersonais con baixos ingresos, necesidades de apoio e redes de apoio moi debilitadas. Tal é o caso das persoas maiores, nas que é frecuente a **soidade non desexada**, que se expresa nun sentimento negativo que pode xerar consecuencias sobre a súa saúde biopsicosocial e na calidade de vida. A soidade, sen embargo, transcende das persoas maiores para afectar a outros perfís máis novos pero, con independencia da idade, é fundamental abordar este fenómeno, co obxecto de prover os apoios e recursos necesarios para mellorar a calidade de vida e restituír as redes de apoio.

Dado o panorama do risco da pobreza e a exclusión, así como os principais determinantes que profundan este fenómeno, a Estrategia formula un enfoque de inclusión social orientado á prevención de factores de risco que deriven en situacións de pobreza e exclusión social. A aposta clara pola prevención ciméntase en blindar á poboación residente en Galicia, a través de **políticas públicas de inclusión activa**, potenciando o desenvolvemento humano e a calidade de vida das persoas, as familias e a comunidade galega, políticas sociais que operan como un factor de protección que potencian a equidade, a cohesión e a resiliencia dentro de todo o territorio.

En concreto, este eixo propón abordar as causas da pobreza antes de que se consoliden e se cronifiquen. Inclúese a loita contra a soidade non desexada, entendendo que é un factor de vulnerabilidade que, aínda non de forma exclusiva, incide na poboación maior de 65 anos (que representa o 26,1% da poboación en Galicia) e que podería supoñer a exacerbación da exclusión -especialmente nos casos de persoas maiores con necesidades de apoio complexas-. Ademais, o eixo avoga por fortalecer a detección temperá e a identificación de persoas en risco para ofertar respostas oportunas, poñendo especial

⁴⁶ EAPN España (2022) *“Informe el estado de la pobreza en las Comunidades autónomas”*. (en <https://www.eapn.es/estadodepobreza/descargas.php>)

atención ás persoas e familias máis vulnerables, como poden ser fogares monomarentais e monoparentais, as persoas maiores, os fogares con menores de idade a cargo, entre outros. Finalmente, o eixo aposta por romper o ciclo da pobreza interxeracional a través de liñas de acción orientadas a fortalecer as axudas e apoios dirixidas ás familias para reducir o risco de pobreza, garantir o bo coidado e evitar situacións de desprotección que resulten dos procesos de institucionalización.

O.E.1. Reducir a soidade non desexada e aumentar a participación social da cidadanía

Liñas de acción

- 1.1. Desenvolvemento de estratexias de prevención, identificación e abordaxe de situacións de soidade non desexada
- 1.2. Promoción do benestar bio-psico-social das persoas maiores en coordinación co ámbito sanitario
- 1.3. Desenvolvemento de accións e intervencións sociocomunitarias dirixidas á promoción da participación e a convivencia social
- 1.4. Fomento da participación xuvenil nos programas de voluntariado e aproveitar o coñecemento e a experiencia das persoas maiores nun marco de convivencia e intercambio das vivencias con persoas novas

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais

O.E.2. Evitar as situacións de exclusión residencial e promover o acceso á vivenda das persoas vulnerables

Liñas de acción

- 2.1. Identificación de perfís vulnerables e territorialización da necesidade de atención residencial.
- 2.2. Articulación e mobilización de recursos para a promoción de vivenda pública e medidas dirixidas a facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro con especial incidencia nos perfís con maior risco de exclusión residencial

- 2.3. Ampliación e consolidación do enfoque preventivo nos programas e medidas de atención ao risco de senfogarismo, nomeadamente na prevención de desafuzamentos e protocolización da saída de institucións.
- 2.4. Impulso á convivencia e integración veciñal a través do acompañamento e a mediación.
- 2.5. Desenvolvemento de accións contra a discriminación no acceso á vivenda e promoción da intermediación inmobiliaria.

Axentes implicados

- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
 - Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais

O.E.3. Previr as situacións de risco de pobreza e exclusión social asociadas a perfís vulnerables

Liñas de acción

- 3.1 Promoción de instrumentos de estudo e análise para identificar novas formas de manifestación de pobreza e/ou exclusión ou a súa intensificación a nivel territorial ou sectorial de poboación.
- 3.2 Mellora da complementariedade e coordinación de programas públicos e do terceiro sector de acción social e outros axentes sociais que atenden á poboación vulnerable.
- 3.3 Atención ás necesidades de información e asesoramento da poboación migrada e retornada en Galicia.
- 3.4 Abordaxe do risco derivado dos procesos de saída de institucións do sistema de protección e centros penais, garantindo o acompañamento social con independencia da súa situación residencial.
- 3.5 Reforzo dos recursos de acompañamento e atención integrada ás persoas baixo a tutela da Xunta de Galicia que acadaron a súa maioría de idade
- 3.6 Preparación en competencias para a mobilidade e promoción laboral das persoas traballadoras máis vulnerables e loita contra a discriminación no mercado de traballo

- 3.7 Atención preventiva desde os Servizos sociais ás persoas perceptoras de pensións non vinculadas a proxectos neste ámbito pero con importes baixos.
- 3.8 Reforzo da atención e tratamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 3.9 Promoción da innovación en materia de envellecemento activo e saudable.
- 3.10 Asegurar a accesibilidade das persoas con discapacidade.

Axentes implicados

- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
 - Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
 - Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación
 - Secretaría Xeral da Igualdade
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

O.E.4. Promover o benestar infantil e reducir as desigualdades que afrontan nenas, nenos e adolescentes cun enfoque integrado e centrado na infancia e nas familias con fillos/as

Liñas de acción

- 4.1. Implantación da Garantía infantil europea, asegurando a gratuidade dos servizos contemplados nas recomendacións para os grupos de infancia vulnerable.
- 4.2. Impulso ao acceso á educación infantil non obrigatoria.
- 4.3. Reforzo das políticas de becas educativas e servizos escolares, incluíndo becas de comedor, transporte, material escolar, etc. dirixidas a nenos, nenas e adolescentes e as familias máis vulnerables.
- 4.4. Apoio ás familias con máis membros con medidas específicas, como as de tipo económico ou fiscal a través da Plan de Apoio ás Familias Numerosas de Galicia, ou a consideración das mesmas como colectivo prioritario en determinados programas de vivenda.

- 4.5. Desenvolvemento na contorna educativa de accións dirixidas á mellora do benestar infantil, incluíndo a promoción das denominadas habilidades brandas e actividades lúdicas e recreativas a nivel comunitario
- 4.6. Reforzo e extensión da rede de servizos de atención temperá.
- 4.7. Promoción, apoio e acompañamento á educación familiar e á parentalidade positiva desde os servizos sociais comunitarios e o sistema educativo
- 4.8. Promoción de hábitos de vida saudable e detección precoz de problemas de saúde entre a infancia e adolescencia máis vulnerable e nas súas familias.
- 4.9. Impulso aos procesos de participación infantil e adolescente, nomeadamente no deseño dos plans comunitarios de promoción pública e nos procesos de deseño, seguimento e avaliación de políticas estratéxicas de atención á infancia.
- 4.10. Impulso do deporte desde a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza a súa xeneralización entre a poboación galega.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Consellería de Sanidade
 - Servizo Galego de Saúde
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais

EIXO 2. COMBATER AS SITUACIÓNS DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL

Reducir a pobreza e a exclusión social en Galicia, especialmente a infantil, desde un enfoque de dereitos, de inclusión activa e activación inclusiva e poñendo o foco nos perfís máis vulnerables.

Galicia logrou manter unhas condicións de vida superiores ás do conxunto nacional.

A taxa AROPE, o risco de pobreza e a pobreza severa reducíronse no último ano (Enquisa de Condiciones de Vida do INE, 2022). En concreto, a taxa AROPE sitúase no 23,6%, a máis baixa desde o ano 2015 e 2,4 puntos por debaixo da media do conxunto do Estado. A poboación en risco de pobreza baixou do 20,2% no 2021 ao 18% no 2022, por debaixo da media nacional no mesmo ano (20,4%). Pola súa parte, a poboación que atravesa pobreza severa descendeu do 8,8% no 2021 ao 6,8% no 2022, segundo o monográfico do Informe *“O Estado da pobreza nas Comunidades autónomas. Avance de resultados.”* de EAPN España publicado en maio de 2023.

A pesar do decrecemento nalgún dos indicadores clave sobre a pobreza, **é preciso seguir combatendo a pobreza e o profundo mantemento dalgunhas desigualdades** por razóns de xénero, idade, etnia de pertenza, posición social e outros eixos de desigualdade que aumentan as situacións de pobreza e/ou exclusión social. Nese sentido, póñense de relevo as seguintes cifras⁴⁷:

- ▶ **O risco ou as situacións de pobreza están feminizadas.** No 2021, a taxa AROPE é maior na poboación feminina, alcanzando unha taxa do 26,3%, mentres que os varóns presentan unha taxa do 24,0%. Pola súa parte, a taxa de pobreza é maior entre as mulleres (20,9%) que entre os homes (19,5%), incrementándose a fenda con respecto ao 2020, onde as diferenzas eran menores. A taxa de pobreza severa presenta o mesmo comportamento, con taxas inferiores entre os varóns (8,6%) e maiores entre as mulleres (9,0%). Estas diferenzas na incidencia por sexo, tanto do AROPE como do risco de pobreza, rexístraas tamén o Instituto Galego de Estatística na Enquisa estrutural a fogares, 2021. Hai unha serie de factores que actúan de forma negativa desde o punto de vista de xénero. Concretamente, a situación económica das viúvas é considerablemente peor que a situación xeral das persoas maiores de 65 anos. As mulleres que viven soas presentan máis risco de pobreza que os homes que viven sos. Cando os fogares están formados por unha persoa adulta con fillos/as a cargo, a inmensa maioría son mulleres soas con cargas familiares, sendo esta a configuración da unidade de convivencia máis castigada polo risco de pobreza, segundo o indicador AROPE.

⁴⁷ EAPN España (2022) *“Informe el estado de la pobreza en las Comunidades autónomas”*. (en <https://www.eapn.es/estadodepobreza/descargas.php>)

- ▶ **As persoas pensionistas, nomeadamente aquelas en fogares sen outros ingresos, rexistran maior vulnerabilidade e risco de pobreza.** Máis do 88% deste grupo son pensionistas de xubilación e viuvez. Se agregamos o conxunto de persoas que reciben algún tipo de pensión, obsérvase que, atendendo unicamente á contía desta, o 46,3% deste grupo atoparíase en situación de pobreza e o 21,1% en situación de pobreza severa. Isto indica que unha porcentaxe considerable das pensións en Galicia están por debaixo do limiar da pobreza.

Non só é preciso abordar os principais factores que xeran as desigualdades sinaladas, senón tamén as principais causas que manteñen estas fendas e que cronifican a pobreza ao longo das xeracións: a insuficiencia de ingresos para satisfacer as necesidades básicas e para levar unha vida digna; as dificultades de acceso ao mercado laboral para garantir a sustentabilidade dos ingresos e o acceso ás prestacións económicas e sociais; as dificultades individuais e sociais que incrementan a pobreza, como pode ser o sexo, a existencia de discapacidades ou situacións de dependencia, entre outros factores.

As evidencias sinalan que **un enfoque eficiente para loitar contra a pobreza é o enfoque da inclusión activa, que combina a provisión de ingresos e prestacións, co emprego sustentable e de calidade, así como a provisión de servizos esenciais para garantir a inclusión social e mellorar a calidade de vida das persoas en situación de pobreza.** Pero sen esquecer a importancia e o recoñecemento da activación inclusiva especialmente naqueles perfís de acceso moi difícil ao mercado laboral e para os que se han de formular procesos de **activación inclusiva que habiliten á participación social.**



Así, este eixo propónse alcanzar os seguintes obxectivos específicos:

- ▶ *Garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación social e/ou laboral, para combater as ditas situacións de desigualdade que dificultan o acceso aos servizos e exercicio dos dereitos das persoas, reducindo a desigualdade de xénero entre homes e mulleres. Trátase de asegurar que as persoas, a través de dispositivos como o Ingreso Mínimo Vital e a Renda de Inclusión social (RISGA), teñan uns ingresos mínimos que apoien a inclusión social, a activación e/ou a participación no mercado laboral das persoas.*
- ▶ *Promover a empregabilidade, a inserción e permanencia laboral nun mercado de traballo inclusivo, é clave para combater as desigualdades sociais, a través da mellora da accesibilidade e acompañamento para o emprego, a coordinación política e técnica interinstitucional, o fomento e fortalecemento de programas*

con sectores fundamentais como o empresarial e o terceiro sector de acción social.

- ▶ *Asegurar a protección e exercicio de dereitos sociais e o acceso a servizos públicos de calidade*, a través do **dereito á activación dos sistemas de axuda**, xunto a outros servizos de acompañamento social.

Para asegurar a dita protección, así como para abordar a pobreza e a exclusión social nas súas múltiples dimensións, este eixo oríentase así mesmo a realizar os dereitos das persoas nos ámbitos de vivenda -un dos principais factores de exclusión en Galicia e España-; na educación -como unha estratexia clave para romper o ciclo da pobreza interxeracional e mellorar as condicións de vida de xeracións futuras-; a saúde -como aspecto esencial para o benestar físico e mental para a vida en sociedade-; e tamén atende á cobertura das necesidades básicas, incluídas aquelas relacionadas coa subministración de enerxía da súa vivenda, e o peche da fenda dixital.

No ámbito da **vivenda e a inclusión residencial**, previamente apuntouse que o encarecemento das vivendas en España converteuse nun dos principais factores de risco de exclusión social. En Galicia, o 24,8% das persoas en situación de pobreza experimentan unha sobrecarga nos gastos asociados á vivenda. O 19,5% deste conxunto gasta máis da metade dos seus ingresos na vivenda⁴⁸. Para evitar o risco da exclusión residencial e o senfogarismo, como máxima expresión da pobreza e a exclusión social, é necesario dispor de alternativas residenciais para acoller a persoas en especial situación de vulnerabilidade, robustecer as políticas e programas para o acceso e mantemento da vivenda para grupos en situación de necesidade, coordinando os apoios á vivenda coas políticas sociais necesarias para garantir a inclusión e o sostemento da vivenda a longo prazo.

En materia de **educación**, resulta necesario *promover o seu acceso e contribuír ao éxito e permanencia escolar e ao aumento dos niveis de competencias de todas as persoas, incluíndo -como se apuntaba no primeiro eixo- os nenos e nenas na primeira infancia*. Propónse fortalecer os programas de apoio e seguimento psicosocial nos centros educativos para reducir o abandono escolar prematuro e incrementar o éxito escolar dos nenos, nenas e adolescentes. Tamén, impulsárase a orientación e o apoio educativo para o alumnado en situación de vulnerabilidade a través da mediación intercultural nos centros educativos, apoio na adquisición e reforzo da lingua castelá e outras axudas como o comedor escolar, entre outras cuestións. Todo isto, abordado desde as perspectivas de xénero, interseccional e o recoñecemento da diversidade cultural.

No relativo á **saúde**, é preciso recoñecer que as situacións de pobreza poden incidir negativamente no estado de saúde e benestar físico e mental das persoas que a padecen. Impacta de maneira diferente entre mulleres e homes debido ás desigualdades de

⁴⁸ EAPN España (2022) *“Informe el estado de la pobreza en las Comunidades autónomas”*. (en <https://www.eapn.es/estadodepobreza/descargas.php>)

xénero na súa saúde e o acceso aos recursos sociosanitarios. As persoas con enfermidades, as persoas maiores, as persoas con discapacidade (e outros grupos de poboación) que están en situación de pobreza e manifestan problemas de saúde física ou mental teñen especiais dificultades para xestionar os seus tratamentos médicos, incorporarse no mercado laboral, así como para participar na sociedade en igualdade de condicións que o resto da poboación. De aí que se estime necesario favorecer *a inclusión social a través da atención e coidado da saúde de toda a poboación*, a través da redución das desigualdades sociais en saúde dos grupos de poboación vulnerables, garantindo o acceso ao sistema sanitario e estendendo os programas de prevención e promoción da saúde. Este eixo apostará por realizar un mapeo de activos en saúde para promover hábitos saudables e previr o xurdimento de enfermidades ou comportamentos que afecten ao benestar e á saúde. Finalmente, recoñécese a necesaria coordinación no ámbito sociosanitario para ofertar unha atención integral ás persoas vulnerables.

De igual forma, apostarase por **loitar contra a privación material e social severa, incluíndo as carencias relacionadas coa denominada pobreza enerxética**, especialmente relevante no contexto inflacionario que atravesa Galicia e todo o territorio español. A redución da pobreza, a garantía de dereitos e o peche das desigualdades sociais implica reducir as barreiras que enfrontan os grupos de poboación vulnerables para acceder a subministracións básicas das vivendas e para satisfacer necesidades básicas como manter unha temperatura adecuada, cociñar, estudar ou teletraballar, acceder a internet, entre outras actividades que hoxe son esenciais para o benestar e a inclusión social. **No caso das mulleres e os seus fogares**, estas son máis vulnerables á pobreza enerxética debido a que: teñen unha expectativa de vida maior á dos homes, as persoas maiores son máis sensibles ás baixas ou altas temperaturas; as mulleres son máis sensibles aos cambios de temperatura que os homes por razóns fisiolóxicas, o que incrementa o seu risco de pobreza enerxética e de deterioro da súa saúde física e mental; perciben, polo xeral, menores ingresos e pensións que os homes; e teñen menos tempo para un traballo remunerado, pois soen ter maior responsabilidade e cargas familiares. Por elo, este eixo aposta por manter os ditos apoios, así como pola promoción da eficiencia e o aforro enerxético para reducir sobrecostos nas facturas de electricidade.

No ámbito da **inclusión dixital**, este eixo propónse promover que as persoas e grupos vulnerables podan acceder aos a servizos públicos sen barreiras dixitais, participando así na cidadanía dixital. A zona xeográfica, os recursos económicos, o sexo, a idade, a educación ou a lingua son factores determinantes que manteñen a fenda dixital de xénero e unha recente forma de exclusión social que inflúen directamente na fenda dixital de xénero. Neste ámbito, non só se aposta por asegurar o acceso aos recursos dixitais, senón tamén por promover os programas de formación e capacitación do alumnado e a poboación máis vulnerable en contornas dixitais.

A información dispoñible tamén indica a necesidade de **loitar contra a pobreza infantil. Os nenos, nenas e adolescentes en familias con fogares de baixos ingresos alcanzan unha taxa AROPE e de pobreza severa por riba das persoas adultas e as de maior idade. O grupo de menores de 16 anos rexistra un 23,27% e o de 16-24 anos un 25,01%, taxas moi superiores ao 18,42% que rexistran as persoas de 25 a 49 anos ou ao 12,88% das maiores de 65 anos.** Ao analizar a evolución temporal da taxa AROPE na poboación menor de 18 anos, evidenciouse unha tendencia alcista desde 2018 en Galicia que comezou a remitir en 2021⁴⁹. A situación de pobreza na infancia vulnera os seus dereitos e dificulta a posibilidade de desenvolver as súas vidas en condicións de igualdade.

Seguindo a liña da Garantía Infantil Europea e o Plan de Acción Estatal para a súa implantación en España, **o eixo formula liñas de acción orientadas a ofertar unha atención integral ás familias en situación de pobreza con fillos e fillas menores de idade a cargo, definindo medidas específicas para reducir a pobreza infantil a través do acceso a prestacións e servizos esenciais** en materia de protección social e garantía de ingresos, acompañamento social, saúde e benestar, acceso a vivenda adecuada e a unha educación de calidade. Ademais, nos casos de risco de desprotección infantil, a posta en marcha de programas de integración e preservación familiar axudan a compensar carencias na contorna, a potenciación dos recursos e promoción de cambios na dinámica familiar, e a recuperar a funcionalidade familiar e as condicións protectoras.

Atendendo á interseccionalidade da pobreza, ás desigualdades estruturais de xénero que manteñen a exclusión social, **este eixo propoñe responder ás necesidades específicas derivadas de factores de vulnerabilidade concretos que experimentan os perfís máis vulnerables** como as persoas maiores en desarraigo, persoas emigrantes retornadas, inmigrantes, poboación xitana, persoas en reclusión ou exreclusas, fogares monoparentais/monomarentais, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade e problemas de saúde mental. Sábese destes perfís que non só experimentan maiores taxas de pobreza e exclusión, senón que o risco de cronificación e exacerbación da vulnerabilidade tenden a incrementar cando non se dan os apoios necesarios. En concreto, o eixo define liñas de acción e medidas específicas para abordar as problemáticas particulares que enfronta cada grupo de poboación.

⁴⁹ Instituto Galego de Estatística (2022) *Enquisa Estructural a Fogares, 2021*

O.E.1. Garantir uns ingresos mínimos asociados á activación social e/ou inserción laboral

Liñas de acción

- 1.1. Mellora do acceso, tramitación, contía, cobertura poboacional e prestacións asociadas da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) mediante os axustes precisos na súa regulación e a súa compatibilidade co acceso parcial ao emprego.
- 1.2. Prestación dun acompañamento técnico social, a través de proxectos personalizados e potenciando os convenios de inclusión, para estimular a inclusión social e/ou a inserción e transición ao emprego das persoas perceptoras da RISGA.
- 1.3. Promoción de fórmulas de acceso ao mercado laboral das persoas perceptoras da RISGA para adquisición de experiencia e destrezas laborais en ámbitos de alta ocupabilidade.
- 1.4. Impulso e coordinación de programas de activación social inclusiva nomeadamente para quen perciben ingresos sen posibilidade de participación a través do emprego.
- 1.5. Reforzo da coordinación das Administracións e entidades que facilitan apoios técnico materiais de protección social poñendo o foco no territorio e a comunidade.
- 1.6. Promoción de accións de loita a estigmatización e culpabilización de quen percibe rendas mínimas.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
 - Dirección Xeral de Inclusión Social
- Entidades locais

O.E.2. Mellorar a resposta ante a emerxencia social e reducir a incidencia da privación material e social severa na poboación galega

Liñas de acción

- 2.1. Consolidación e reforzo da eficacia na cobertura e axilidade das axudas extraordinarias e de carácter urxente para cubrir as necesidades das persoas e as súas familias

- 2.2. Abordaxe da pobreza enerxética a través do apoio aos fogares vulnerables no mantemento de subministro enerxético das súas vivendas e a promoción da eficiencia e aforro enerxético.
- 2.3. Articulación e reforzo da rede de servizos e apoios para a cobertura das necesidades básicas sobrevidas e a emerxencia social, en colaboración cos actores públicos e privados

Axentes implicados

- Consellería de Economía, Industria e Innovación
 - Dirección Xeral de Enerxía e Minas
 - Instituto Galego do Consumo e da Competencia
- Consellería de Política Social e Xuventude
 - Dirección Xeral de Inclusión Social
 - Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

O.E.3. Promover a empregabilidade, a inserción e permanencia laboral nun mercado de traballo inclusivo

Liñas de acción

- 3.1. Impulso da orientación laboral, formación, cualificación a través da adquisición de experiencia profesional e acreditación de competencias adaptada ás necesidades das persoas con máis dificultades de acceso e permanencia no mercado de traballo.
- 3.2. Reforzo da calidade e adaptación da formación ás necesidades do mercado laboral e do asesoramento na busca activa de emprego.
- 3.3. Potenciación da metodoloxía de itinerarios personalizados de inserción laboral e da innovación no seu marco.
- 3.4. Mellora da capacitación e formación nas denominadas habilidades brandas (soft skills) e potenciación das oportunidades de creación de redes persoais no marco das actividades grupais enmarcadas nos itinerarios.

- 3.5. Desenvolvemento de estratexias destinadas ao fomento da economía social, como alternativa estable e de calidade para o emprego, e apoio aos recursos do mercado de traballo protexido.
- 3.6. Impulso da coordinación política e técnica entre Servizos sociais e Emprego para favorecer a inserción laboral dos perfís vulnerables.
- 3.7. Fortalecemento da colaboración do sector empresarial nos obxectivos de inserción das persoas con dificultades de acceso ao emprego cunhas condicións laborais de calidade.
- 3.8. Promoción de programas de xestión da idade e loita contra o idadismo no mercado laboral, con medidas de apoio ao emprego das persoas traballadoras de maior idade.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
 - Dirección Xeral de Inclusión Social
 - Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Entidades locais
- Sector empresarial
- Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

O.E.4. Asegurar a protección e o exercicio de dereitos sociais e o acceso a servizos públicos de calidade.

Ámbitos

A. Fomentar a Inclusión residencial

Liñas de acción

- 4.1 Previsión de instrumentos orientados a favorecer un acceso áxil e efectivo a unha vivenda estable prioritariamente destinado a persoas e familias nalgunha das manifestacións de exclusión residencial, e especialmente aquelas con fillos e fillas menores.
- 4.2 Acceso a residencias temporais de media-longa estancia a persoas de grupos vulnerables (con trastornos adictivos, problemas de saúde mental, mulleres en

risco social, etc.) con diferentes intensidades de acompañamento e intervención social.

- 4.3 Desenvolvemento de itinerarios de inclusión residencial asociados a itinerarios con compoñente social ou sociolaboral, en colaboración coas entidades de iniciativa social.
- 4.4 Promoción de programas de acceso á vivenda autónoma para persoas en situación de vulnerabilidade.
- 4.5 Coordinación do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a Consellería de Política Social e Xuventude, no establecemento de fórmulas innovadoras de acceso e mantemento da vivenda que fomenten a inclusión residencial.
- 4.6 Actualización das políticas de atención ao senfogarismo e desenvolvemento do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia
- 4.7 Regulación, promoción e apoio de procesos integrais de erradicación de chabolismo e infravivenda.

Axentes implicados

- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
 - Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Consellería de Sanidade
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

B. Promover o acceso á educación e formación, o éxito e permanencia escolar e o aumento dos niveis de competencias

Liñas de acción

- 4.8 Intervención con familias vulnerables a través de proxectos personalizados de inclusión que comprendan acompañamento socioeducativo
- 4.9 Impulso dunha educación inclusiva e redución das desigualdades que presentan as persoas escolares en fogares vulnerables ou en risco de exclusión,

- 4.10 Promoción de programa de apoio e seguimento psicosocial en centros educativos incluída a articulación de programas de reforzo escolar en educación primaria e secundaria para previr o fracaso escolar e o abandono educativo.
- 4.11 Posta en marcha de programas de formación en crecemento persoal e benestar emocional para alumnado e familias.
- 4.12 Reforzo dos recursos de orientación e adaptación ás necesidades do alumnado, especialmente nas etapas de transición.
- 4.13 Fomento da diversidade e interculturalidade no ámbito educativo e apoio á integración e convivencia nos seus centros.
- 4.14 Mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros educativos.

Axentes implicados

- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Consellería de Política Social e Xuventude

C. Favorecer a inclusión social a través da atención e coidado da saúde

Liñas de acción

- 4.15 Consolidación do acceso equitativo en saúde dos grupos de poboación vulnerables e redución das desigualdade en saúde.
- 4.16 Establecemento dun mapeo de activos en saúde e a súa correspondente prescrición a través do apoio da Rede Galega de Promoción da saúde
- 4.17 Promoción e apoio para a adquisición de hábitos de vida saudable entre persoas e grupos en risco de exclusión.
- 4.18 Coordinación de atención no ámbito da saúde bio-psico-social para perfís vulnerables.
- 4.19 Reforzo da mediación cultural no ámbito sanitario.

Axentes implicados

- Consellería de Sanidade
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais

→ Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

D. Asegurar a inclusión dixital das persoas e grupos vulnerables

Liñas de acción

4.20 Reforzo da formación sobre as tecnoloxías da Sociedade da información a un maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía.

4.21 Garantía de acceso a servizos públicos sen barreras dixitais.

4.22 Reforzo da accesibilidade da poboación ás tecnoloxías.

Axentes implicados

→ Consellería de Facenda e Administración Pública

○ Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica

→ Consellería de Política Social e Xuventude

→ Entidades locais

→ Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

E. Combater as desigualdades en materia de consumo e acceso a produtos financeiros

Liñas de acción

4.23 Divulgación da existencia das contas bancarias de pagamento básicas, das súas condicións e das canles de reclamación

4.24 Apoio no exercicio dos dereitos en materia de consumo, en colaboración coas entidades de iniciativa social

4.25 Promoción de formación para o aforro e mellora da administración da economía doméstica

Axentes implicados

→ Consellería de Economía, Industria e Innovación

○ Instituto Galego do Consumo e da Competencia

→ Consellería de Política Social e Xuventude

→ Entidades de iniciativa social

O.E.5. Articular medidas de abordaxe da pobreza infantil a través do apoio ás persoas menores en vulnerabilidade e ás súas familias

Liñas de acción

- 5.1 Promoción da atención integral e con enfoque familiar ás situacións de pobreza ou exclusión social, con nenos, nenas e adolescentes, a través de medidas de apoio específicas e programas innovadores.
- 5.2 Reforzo da política de garantía de ingresos da Xunta con apoios e complementos específicos á infancia en fogares en risco ou situación de pobreza.
- 5.3 Desenvolvemento de medidas apoiadas na colaboración entre os distintos niveis da Administración e as entidades de iniciativa social para garantir a cobertura de necesidades básicas dos nenos e nenas en situacións recollidas no RUMI (Registro Unificado de Maltrato Infantil) ou suxeitos/as aos protocolos de atención a vítimas de violencia de xénero.
- 5.4 Desenvolvemento de estratexias de detección de situacións de desprotección desde os equipos de inclusión sociolaboral, en coordinación cos/coas axentes implicados/as e facilitar formación específica na materia.
- 5.5 Apoio ás familias en risco de pobreza con menores facilitando a conciliación da vida familiar en procesos de inclusión sociolaboral.

Axentes implicados

- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Vivenda, Territorio e Infraestruturas
 - Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería de Política Social e Xuventude

O.E.6. Responder ás necesidades específicas derivadas de factores de vulnerabilidade concretos e á interseccionalidade: senfogarismo, adiccións, desemprego, reclusión ou exreclusión, monoparentalidade/monomarentalidade, violencia de xénero, migración, entre outros.

Liñas de acción

- 6.1. Apoio dos procesos de acollida e integración social das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas e o seu acceso a programas de inclusión sociolaboral e educativa en aras a reducir as súas desigualdades.
- 6.2. Promover medidas de apoio socioeconómico e sanitario de atención á emerxencia social.
- 6.3. Actualización das medidas específicas dirixidas a fomentar a inclusión social e mellorar as condicións de vida da poboación xitana residente en Galicia.
- 6.4. Desenvolvemento de programas de loita contra o antixitanismo e promoción do coñecemento da cultura xitana.
- 6.5. Apoio de programas e recursos de transición á liberdade das persoas reclusas e reinserción social e laboral daquelas en exreclusión.
- 6.6. Atención das necesidades específicas das familias monoparentais/monomarentais.
- 6.7. Promoción da inclusión social e laboral das mulleres vítimas das diferentes formas de violencia de xénero.
- 6.8. Habilitación de recursos de apoio para fomentar a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade.
- 6.9. Mellora da cobertura e adaptación da atención psicosocial ás persoas con problemas de saúde mental e enfermidade mental crónica.
- 6.10. Apoiar e acompañar os procesos de reinserción sociolaboral das persoas en proceso de deshabitación de condutas aditivas
- 6.11. Fortalecemento dos apoios ás persoas maiores en desarraigo e abandono familiar.

Axentes implicados

- Presidencia da Xunta de Galicia
 - Secretaría Xeral da Emigración
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería de Política Social e Xuventude

EIXO 3. POTENCIAR A INCLUSIÓN SOCIAL DESDE A DIMENSIÓN COMUNITARIA, LOITAR CONTRA A EXCLUSIÓN TERRITORIAL E PROMOVER UN TERRITORIO RURAL INCLUSIVO

Promover a participación social e o fortalecemento da cohesión comunitaria e a inclusión territorial rural e urbana en Galicia, a través do reforzo dos servizos comunitarios a este nivel e a xeración de oportunidades nestes territorios.

No que refire ao desenvolvemento e a **promoción da intervención comunitaria** e a atención ás persoas en contornas de proximidade, impulsaranse medidas que favorezan a organización e dinamización comunitaria, introducindo melloras na coordinación entre os distintos axentes implicados, o empoderamento da poboación, a promoción da igualdade entre homes e mulleres no recoñecemento dos seus dereitos e o fomento da participación comunitaria. Así mesmo, propónse o desenvolvemento de programas de intervención social en áreas degradadas ou con alta concorrencia de factores de exclusión entre a poboación residente, identificando os territorios, a poboación afectada, as principais necesidades e respostas adecuadas. Ademais, traballarase no fortalecemento da participación das mulleres e homes dentro da comunidade, a convivencia social, promovendo o entendemento cultural, a cohesión social e as redes de apoio de base comunitaria para previr e reducir situacións de pobreza e exclusión social.

A pobreza e a exclusión social varía en función do hábitat. O investimento en desenvolvemento social, económico e cultural tende a ser maior nos centros urbanos, onde se atopa unha maior concentración do mercado (laboral, comercial, de vivenda, etc.), una maior oferta e proximidade de servizos públicos e onde se promoven con maior intensidade as políticas sociais e a innovación social. **Os territorios rurais benefíciense en menor medida deste desenvolvemento, atopándose menor oferta laboral e unha menor dispoñibilidade de servizos. Isto reflíctese na desigualdade territorial e en maiores taxas de pobreza entre homes e mulleres.** Polo tanto, fórmulase dentro

deste eixo 3, liñas de actuación e obxectivos con perspectiva territorial, orientadas a **xerar un mundo rural inclusivo**.

Se ben a taxa AROPE reduciuse en contornas rurais (converxendo coa taxa en zonas urbanas), a taxa de pobreza nas zonas rurais é superior, cunha taxa do 22,4%. Polo contrario, nas zonas urbanas a taxa de pobreza é do 19,4%. De igual forma, a pobreza severa en zonas rurais alcanzou a cifra do 10,1% en 2021, mentres que en zonas urbanas esta taxa sitúase ao redor do 8,4% da poboación⁵⁰.

Para **atender as necesidades da poboación rural en áreas afectadas polos impactos da crise demográfica**, propónse incrementar os recursos comunitarios. Búscase **crear ou mellorar as infraestruturas e equipamentos municipais dedicados aos servizos sociais e outros servizos básicos** que garantan unha atención adecuada e de calidade na súa contorna máis próxima. Para elo propóñense liñas para **incrementar a produtividade da terra agraria** de maneira sustentable a través da dinamización das “Aldeas Modelo” en territorios concretos, así como outros proxectos innovadores no ámbito rural. Así mesmo, desenvolveranse **medidas para establecer activos en saúde que sexan de acceso público e gratuito para as persoas e grupos vulnerables** en zonas rurais. Tamén, dotaranse **recursos e incentivos para favorecer a migración a zonas rurais en situación de despoboamento e envellecemento da poboación**.

Este eixo tamén formúlase a necesidade de **promover a dinamización económica e as oportunidades laborais en áreas rurais en declive demográfico**. Para elo, buscarase fortalecer **os programas de atención e acompañamento a novas persoas poboadoras no medio rural para desenvolver os seus proxectos vitais mediante proxectos, incentivos económicos para a creación de empresas en medios rurais, apoio ao emprendemento e o incremento da contía de axudas extraordinarias ás persoas emigrantes galegas retornadas** por cada fillo/a menor de 18 anos. Tamén promoverase a **comercialización de servizos rurais para optimizar os recursos e potencialidades do medio rural**, así como a **promoción da competitividade dos sectores produtivos**, nos que se impulsará **o apoio e a formación de mulleres rurais e o fomento do sector primario**.

Así, este eixo centrarase na revitalización e dinamización da contorna rural para incentivar a economía, xerar oportunidades para todas as persoas, promover o retorno e o investimento no medio rural e garantir a dispoñibilidade e o acceso a servizos públicos esenciais para apoiar ás persoas vulnerables do medio rural.

⁵⁰ EAPN España (2022) *“Informe el estado de la pobreza en las Comunidades autónomas”*. (en <https://www.eapn.es/estadodepobreza/descargas.php>)

O.E.1. Promover a inclusión social a través da participación social nunha dimensión comunitaria desenvolvida e cohesionada

Liñas de acción

- 1.1. Promoción de programas locais para a organización e dinamización comunitaria.
- 1.2. Xeración de espazos de encontro, promoción do asociacionismo, interculturalidade e interxeracionalidade para fortalecer a participación e convivencia social.
- 1.3. Desenvolvemento de estratexias integrais de transformación dirixidas a previr as dinámicas de exclusión sociolaboral e inadaptación social en áreas urbanas o periurbanas especialmente vulnerables.
- 1.4. Impulso de espazos de dinamización e encontro virtual para a cidadanía, especialmente das persoas máis novas, das áreas rurais con alta dispersión poboacional, envellecidas e afectadas polo declive demográfico, aproveitando as potencialidades das TIC
- 1.5. Fomento de foros de encontro e creación de redes de cooperación entre axentes clave das diferentes áreas rurais, especialmente as que contan cunha alta dispersión da súa poboación, que comparten especificidades para abordar fórmulas de mellora da calidade de vida das súas persoas e territorios.

Axentes implicados

- Consellería de Medio Rural
 - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

O.E.2. Mellorar o acceso aos recursos comunitarios de carácter específico das persoas que residen en áreas afectadas polos impactos da crise demográfica

Liñas de acción

- 2.1. Aumento dos recursos comunitarios e/ou da súa cobertura que cubran todas as necesidades das persoas no ámbito rural de forma coordinada, integrada e centrada nas persoas.
- 2.2. Mellora das infraestruturas municipais que prestan servizos comunitarios.
- 2.3. Promoción estratéxica da funcionalidade para a mellora da mobilidade da poboación do rural galego, especialmente daquela que viven en áreas máis vulnerables á exclusión territorial
- 2.4. Facilitación do acceso aos servizos sociais comunitarios da poboación das áreas rurais e dispersas, promovendo a innovación e adaptación ás características do medio.
- 2.5. Fortalecemento dos programas de acollida e acompañamento ás novas persoas residentes no medio rural para desenvolver os seus proxectos de vida.

Axentes implicados

- Presidencia da Xunta de Galicia
 - Secretaría Xeral da Emigración
- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Vivenda, Territorio e Infraestruturas
 - Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Consellería de Medio Rural
 - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- Consellería de Política Social e Xuventude

O.E.3. Favorecer a dinamización económica e as oportunidades laborais nas áreas rurais

Liñas de acción

- 3.1 Desenvolvemento de oportunidades formativas e laborais no medio rural relacionadas co coidado da contorna e a posta en valor das potencialidades do territorio, e facilitar o acceso a vivendas deshabitadas.
- 3.2 Promoción da competitividade dos sectores produtivos rurais, nomeadamente o sector primario.
- 3.3 Impulso das oportunidades de autoemprego e emprendemento inclusivo a través da información, formación, orientación, asesoramento e acompañamento de proxectos vinculados ao cooperativismo e á economía social.
- 3.4 Rehabilitación de vivendas con uso residencial que se atopan en situación de deterioro para paliar o proceso de degradación no medio rural a causa da perda de poboación, do envellecemento demográfico e do abandono de actividades económicas (áreas de rehabilitación).
- 3.5 Potenciar o empoderamento e o desenvolvemento profesional das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica.
- 3.6 Apoio á valorización dos produtos locais e o fomento do consumo responsable.

Axentes implicados

- Consellería de Medio Rural
 - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería de Política Social e Xuventude

EIXO 4. PROMOVER A MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN

Acadar uns servizos sociais de inclusión social, máis eficaces, innovadores e eficientes.

Os servizos sociais en Galicia requiren dun proceso de actualización e mellora para adecuarse ás políticas europeas e nacionais en materia de inclusión social e prestar mellores servizos ás persoas en risco de pobreza e exclusión social en virtude dos contidos nesta Estratexia. A apropiación do enfoque de activación inclusiva baseada en dereitos, o impulso da innovación social e a experimentación, o reforzo dos servizos sociais e a incorporación doutros enfoques clave en materia de calidade e personalización implica un proceso de transformación que require do esforzo de todos os actores implicados.

Para iso, este eixo propónse **mellorar o acceso aos Servizos sociais e a adecuación da resposta ás necesidades das persoas e familias máis vulnerables**, mediante o reforzo orzamentario e o desenvolvemento de acordo á normativa reguladora vixente en materia de servizos sociais. Así mesmo, aplicarase a perspectiva de xénero nas intervencións que prevé, tomando en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en todos os ámbitos para acceder aos recursos sociais que permita acadar a integración real e efectiva da igualdade de oportunidades. Ademais, apostarase pola formación do persoal das administracións públicas en competencias culturais e persoais de atención ao público para a abordaxe da diversidade, o coñecemento e a sensibilización sobre a interseccionalidade e as particularidades de cada grupo de poboación, a promoción de boas prácticas e a xestión do coñecemento entre axentes clave e o fortalecemento do seguimento, a avaliación e a difusión de resultados para incrementar a visibilidade das actuacións de inclusión social na sociedade galega.

Así mesmo, é fundamental **promover a personalización dos servizos, a desinstitucionalización e a autodeterminación das persoas titulares de dereitos**, sendo as protagonistas dos seus propios procesos de inclusión, en apoio e acompañamento constante dos servizos sociais, responsables de facilitar as medidas de apoio, en todos os ámbitos sociais cruciais para o desenvolvemento e mellora da calidade de vida das persoas.

Impulsarase tamén **a innovación social e a xestión do coñecemento sobre inclusión social**, co obxecto de experimentar e escalar proxectos e iniciativas cuxos resultados foran documentados e demostrados con evidencias sólidas. Esta iniciativa pretende xerar procesos de aprendizaxe e desenvolver solucións innovadoras a problemas concretos como a pobreza e a exclusión, a exclusión residencial, a prevención, a atención centrada na persoa, o desenvolvemento de servizos comunitarios personalizados en contornas rurais, entre outras.

Este eixo recoñece o imprescindible papel do Terceiro Sector na provisión de servizos sociais. Por iso **fortaleceranse os mecanismos de financiamento das entidades do terceiro sector**, apostarase pola creación dunha carteira de servizos do Terceiro Sector de acción social coordinada coas administracións públicas e outros axentes clave e impulsarase o fomento do voluntariado, que á súa vez contribúe á sensibilización e á cohesión social.

Tal e como se mencionou con anterioridade, é preciso **desenvolver e actualizar o marco normativo de referencia dos servizos sociais de inclusión, tomando como referencia as tendencias europeas e nacionais en materia de accesibilidade, dispoñibilidade, calidade e atención dos servizos sociais**, priorizando a personalización dos servizos, a atención ás necesidades específicas, o desenvolvemento de servizos comunitarios e a aposta pola autodeterminación e a autonomía das persoas nos procesos de inclusión social, priorizando sempre os dereitos da poboación destinataria.

Finalmente, o eixo traballará para **mellorar e asegurar a coordinación interadministrativa e con outros axentes que operan no territorio** para facilitar a atención integral, reducir trámites burocráticos, tempos de espera e atomización dos servizos ofertados desde os distintos sistemas de protección. Así, potenciaranse os **grupos de traballo** no ámbito social, sociosanitario, do Terceiro Sector e outros axentes clave. Tamén impulsarase a coordinación entre os servizos sociais e o departamento de vivenda, para promover recursos residenciais asociados a un acompañamento técnico sociolaboral.

O.E.1. Promover o desenvolvemento duns servizos sociais de inclusión de calidade e actualizar o seu marco normativo de referencia

Liñas de acción

- 1.1. Revisión do marco normativo actual para asegurar o seu cumprimento en termos de asignación de recursos (ratios de atención establecidos para servizos sociais comunitarios)
- 1.2. Reforzo dos equipos e unidades de inclusión social do sistema público dos servizos sociais específicos de inclusión, dotándoos de ferramentas e recursos de apoio socioeducativo e psicosocial adaptadas ás características e circunstancias das persoas atendidas.
- 1.3. Desenvolvemento da Carteira de Servizos sociais de Inclusión.
- 1.4. Promoción da calidade nos servizos de atención, incorporando estudos de avaliación e melloras nas infraestruturas e dispositivos técnicos de loita contra a pobreza e a exclusión social.

1.5. Actualización formativa do persoal dos Servizos sociais de Inclusión e formación en competencias culturais e interculturais ao persoal de atención ao público nas administracións públicas.

Axentes implicados

→ Consellería de Política Social e Xuventude

O.E.2. Mellorar o acceso aos servizos sociais e a adecuación da resposta ás necesidades das persoas e familias máis vulnerables

Liñas de acción

- 2.1. Consolidación da modernización tecnolóxica dos Servizos sociais de Galicia, incluída a extensión e perfeccionamento da Historia Social Única Electrónica.
- 2.2. Fomento de estudos e investigacións en materia de pobreza e exclusión social en Galicia e activación da función de observatorio do grupo de traballo permanente do Consello Galego de Benestar Social.
- 2.3. Asegurar a coordinación entre administracións públicas e a simplificación burocrática no sistema de Servizos sociais, a información unificada de todas as axudas dispoñibles e a redución de prazos de tramitación das solicitudes de axudas en materia de inclusión social.
- 2.4. Desenvolvemento de medidas de acompañamento individualizado e de empoderamento das persoas que precisan un apoio específico para reverter a súa situación.
- 2.5. Desenvolvemento de medidas flexibles e eficientes que procuren o acceso das persoas en situación de risco ou exclusión social aos recursos sociais específicos, con independencia do seu lugar de residencia.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais

O.E.3. Impulsar a innovación social e a xestión do coñecemento asociado á inclusión social

Liñas de acción

- 3.1 Impulso da formación e intercambio de información e coñecemento técnico entre profesionais dos servizos sociais de inclusión.
- 3.2 Consolidación de alianzas que permitan profundar na xestión do coñecemento e traballo conxunto entre servizos sociais, universidades e terceiro sector.
- 3.3 Promoción de espazos de intercambio de información e de comunicación entre os equipos de inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e as unidades técnicas de inclusión sociolaboral das Entidades locais e das entidades de iniciativa social implicadas na consecución dos obxectivos da estratexia.
- 3.4 Aumento da visibilidade dos resultados positivos que ten a inclusión social para a comunidade galega en medios de comunicación.
- 3.5 Impulso á innovación social a partir da información e do coñecemento derivados do desenvolvemento das sucesivas estratexias de inclusión social de Galicia, apoiando novas propostas e a divulgación de boas prácticas e dos saberes de interese no ámbito dos servizos sociais.
- 3.6 Impulso ao desenvolvemento e implantación da Historia Social Única e outras plataformas dixitais ao obxecto de mellorar a xestión da información.
- 3.7 Posta en marcha de proxectos piloto que permitan ensaiar novas solucións de políticas no ámbito da inclusión social.
- 3.8 Promoción da divulgación de resultados, información e actuacións no seo da estratexia a través de comunicacións periódicas.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais
- Outros axentes membros do Consello Galego de Benestar Social

O.E.4. Reforzar o terceiro sector prestador de servizos sociais de Galicia

Liñas de acción

- 4.1. Impulso da Lei do Terceiro sector social de Galicia e Diálogo civil, como instrumento de regulación da súa participación e actuación dentro do Sistema de Servizos sociais de Galicia e doutros aspectos orientados á súa mellora cualitativa.
- 4.2. Consolidación da cooperación entre as entidades de iniciativa social e destas coas administracións públicas.
- 4.3. Fortalecemento e mellora da estabilidade dos mecanismos de financiamento ás entidades que traballan con poboación en situación de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social, promover a figura do concerto social nos servizos de inclusión social e axilizar o acceso ás axudas.
- 4.4. Traballar a dinamización e diversificación das actividades promovidas polas entidades de iniciativa social no marco da estratexia, procurando unha maior flexibilidade e a adaptación da oferta ás necesidades das persoas e dos territorios.
- 4.5. Creación da carteira de servizos do Terceiro Sector de acción social coordinada e diversificada que permita dar unha resposta máis axustada ás necesidades das persoas máis vulnerables e o territorio.
- 4.6. Promoción da participación no Terceiro Sector, con medidas de fomento do voluntariado.
- 4.7. Reforzo da participación das entidades do Terceiro Sector no deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas en materia de inclusión social.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais

O.E.5. Mellorar e asegurar a coordinación interadministrativa e con outros axentes que operan no territorio a favor da inclusión social

Liñas de acción

- 5.1. Impulso da Comisión Interdepartamental de Servizos sociais e Inclusión Social, para reforzar a coordinación multilateral entre o departamento de Política Social e os departamentos das áreas de Emprego, Sanidade, Vivenda e Educación, principalmente, para a abordaxe de materias específicas relacionadas coa inclusión social.
- 5.2. Activación dos grupos de traballo creados no marco da Axenda Social Única de Galicia e promoción de comisións específicas de traballo no seo do Consello Galego de Benestar Social.
- 5.3. Desenvolvemento da coordinación sociosanitaria para a atención específica dos grupos máis vulnerables.
- 5.4. Promoción da acción conxunta entre os departamentos de Servizos sociais e Vivenda

Axentes implicados

- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
 - Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Consellería do Medio Rural
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais
- Outros axentes membros do Consello Galego de Benestar Social

EIXO 5. PERSPECTIVA INTERSECCIONAL E DIVERSIDADE CULTURAL

Implantar a perspectiva interseccional na abordaxe da e a exclusión social e potenciar a diversidade cultural como elemento transformador das comunidades.

A inclusión social e a redución da pobreza require dunha abordaxe interseccional que permita coñecer as múltiples causas dos procesos de pobreza e exclusión, as barreiras específicas que afronta a poboación máis vulnerable para acceder aos servizos esenciais e desenvolver as respostas máis idóneas para situacións nas que conflúen a desvantaxe socioeconómica con factores de discriminación por motivos de xénero, idade, territorio, discapacidade, identidade étnica, entre outros.

A multicausalidade da pobreza e/ou exclusión social, e a multidimensionalidade da inclusión, requiren de dotar aos servizos sociais e, en xeral, a todas as políticas públicas, de instrumentos conceptuais e prácticos tales como: *as perspectivas de xénero, a interseccional e a diversidade cultural* atendendo ás necesidades das persoas e grupos culturais diversos que conviven en Galicia. Estes instrumentos posibilitan explicar a situación de desigualdade a través da interrelación dos diferentes eixos de desigualdade, evidenciando como están relacionadas entre elas e **configuran formas concretas de desigualdade e discriminación social**.

A poboación usuaria dos Servizos sociais en Galicia está formada de xeito maioritario por mulleres. Ante o feito de non ter un reparto equitativo das tarefas domésticas ou de coidado de persoas, as mulleres acusan máis dificultades para participar nos itinerarios de inclusión. Ademais, nos casos de exclusión social severa, a complexidade da súa situación é maior.

Para reverter a dita situación e acadar a integración real e efectiva da igualdade de oportunidades, a Estratexia tamén aplica a perspectiva de xénero e as intervencións que prevé toman en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en todos os ámbitos. De igual maneira, contempla medidas específicas ou de acción positiva e non só ten en conta o acceso ás rendas que garanten a subsistencia, senón a situación de desvantaxe na que se atopan as mulleres para acadar a plena integración social e laboral.

A aplicación deste enfoque supón establecer un diálogo a través dunha **mesa de traballo interinstitucional** que permita incorporar o enfoque interseccional nas políticas sociais. Isto supón **desenvolver un equipo de traballo que permita articular este enfoque nas políticas sociais e sectoriais**. Tamén supón **aplicar medidas dirixidas a favorecer a inclusión de grupos de poboación específicos** como as axudas destinadas ao envellecemento poboacional, a mediación en saúde, así como a **creación de sinerxías coas comunidades principalmente afectadas pola exclusión, a desigualdade e a múltiple discriminación**.

Así mesmo, este eixo recoñece a necesidade de **formar ao funcionariado na perspectiva interseccional**, mediante accións de sensibilización dos equipos de inclusión e outros axentes sociais e a extracción de aprendizaxes sobre a implantación

desta perspectiva en proxectos piloto onde conflúan distintos axentes de inclusión social. Por outro lado, débense **identificar os factores que poden favorecer ou dificultar a perspectiva interseccional en ámbitos clave para a inclusión como a educación, a saúde, os servizos sociais, a vivenda, entre outros.**

Por outra parte, neste eixo propónse **potenciar a diversidade cultural e interculturalidade nos ámbitos esenciais da inclusión social.** A diversidade cultural é unha característica esencial da humanidade e un factor clave do seu desenvolvemento. Noutras palabras, un ambiente que protexa e promova a diversidade das expresións culturais e o punto de partida é a elaboración de políticas que melloren a calidade de vida, a cohesión social e a convivencia. Para elo, compréndense liñas destinadas a promover e fortalecer a diversidade cultural dos grupos étnicos e comunidades locais rurais e urbanas a través da participación cidadanía e a activación comunitaria. Tamén desenvolveranse accións estratéxicas para favorecer o entendemento intercultural, o impulso do enfoque de xénero e a participación das mulleres, a infancia e a xuventude no recoñecemento da diversidade cultural como valor social.

O.E.1. Implantar a perspectiva interseccional na abordaxe da pobreza e a exclusión social tendo en conta distintos factores: xénero, idade, territorio, discapacidades, identidade étnica, etc.

Liñas de acción

- 1.1. Creación dunha mesa de traballo interinstitucional que incorpore a perspectiva interseccional e de xénero nas políticas sociais de inclusión.
- 1.2. Fomento da igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos especialmente naqueles determinantes na incidencia da feminización da pobreza e a exclusión social.
- 1.3. Formación ao persoal dos axentes que operan a favor da inclusión social na perspectiva interseccional.
- 1.4. Apoio a proxectos de aplicación de metodoloxías ou recursos de intervención interseccional e de xénero
- 1.5. Identificación e análise dos factores que poden favorecer ou dificultar a perspectiva interseccional nos ámbitos centrais: educación, saúde, servizos sociais, vivenda, etc.
- 1.6. Promoción dunha linguaxe inclusiva e fórmulas de comunicación e información no ámbito dos Servizos sociais con linguaxe clara e de fácil comprensión.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais
- Outros axentes membros do Consello Galego de Benestar Social

O.E.2. Potenciar a diversidade cultural e interculturalidade nos ámbitos esenciais da inclusión social

Liñas de acción

- 2.1. Promoción e reforzo da diversidade cultural dos grupos étnicos, nomeadamente do pobo xitano.
- 2.2. Desenvolvemento de accións estratéxicas que fomenten a interculturalidade e a cohesión social.
- 2.3. Apoio no exercicio dos dereitos culturais dos diferentes grupos poboacionais.

Axentes implicados

- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais

O.E.3. Combater a aporofobia e a discriminación por distintas razóns: racismo/xenofobia, orientación ou identidade sexual, crenzas, prácticas relixiosas, aporofobia, discapacidade, antisemitismo, ideoloxía...

Liñas de acción

- 3.1. Desenvolvemento de campañas de sensibilización e información sobre a realidade das persoas máis vulnerables, como a das persoas sen fogar.

3.2. Apoio á divulgación entre grupos vulnerables da información sobre posibilidades e recursos dispoñibles en Galicia para a atención ás vítimas para apoiar a denuncia dos delitos de odio.

Axentes implicados

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
 - Dirección Xeral de Xustiza
- Consellería de Política Social e Xuventude
- Entidades locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais

7. IMPLANTACIÓN DA ESTRATEGIA

Planificación operativa

Debido a extensión da vixencia temporal prevista para a Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030, este marco de planificación articularase formalmente a través de Plans Operativos de Inclusión Social. Estes plan terán un carácter bianual e desenvolveranse de forma sucesiva durante os oito anos comprendidos no dito período. Neles operativizaranse os cinco eixos estratéxicos e todos, ou algúns, dos 21 obxectivos específicos comprendidos no apartado quinto deste documento en actuacións e medidas concretas a desenvolver nos correspondentes dous anos de referencia.

A implantación, a través desta fórmula, atende a tres orientacións. En primeiro lugar, a Xunta de Galicia cumpre co establecido no artigo 57 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, relativo ao impulso do Plan Galego de Inclusión Social, vinculándoo directamente á propia estratexia e dotándoo dun maior carácter integral e transversal, con enfoques e liñas de intervención que van máis alá do propiamente previsto na dita lei. En segundo lugar, a forma de implantación responde á necesidade de operativizar unha estratexia que, debido ao seu extenso ámbito temporal de vixencia e por tratarse precisamente deste nivel de planificación, presenta limitacións para determinar as medidas máis oportunas en cada momento para a consecución dos obxectivos específicos. E, en terceiro lugar, a fórmula permite incorporar as referencias programáticas de segundo nivel apuntadas como necesarias nos resultados da avaliación da Estratexia anterior. Isto permitirá un deseño e execución de medidas máis flexibles e adaptados ás necesidades de cada momento -xa sexan emerxentes ou permanentes-, asegurándose orientar a acción pública cara respostas adecuadas e adaptadas a unha

realidade social que ven determinada polos impactos dun contexto cambiante nos últimos anos. Ademais, promóvese así a actualización de diagnósticos e a realización dunha avaliación continua que derive, no seu caso, na introdución dos axustes precisos ou novas medidas para asegurar a maior eficacia posible da Estratexia na consecución do seu obxectivo xeral.

Contido dos Plans Operativos de Inclusión Social

O proceso de deseño dos sucesivos Plans Operativos de Inclusión Social partirá nunha **diagnose de contexto en materia de pobreza e exclusión social en Galicia** que servirá de base para establecer os **obxectivos específicos nos que se traballará** en cada bienio. Poderá, incluso, con esta información xustificarse a priorización no desenvolvemento de determinados eixos e obxectivos específicos. Ademais, concretarase o contido, orzamento e temporalización das **medidas e actuacións previstas** para acadalos. Deste xeito, serán os Plans Operativos de Inclusión Social os documentos que conterán os correspondentes **indicadores para o seguimento e avaliación** dos obxectivos da Estratexia que, como se refire máis adiante, comprende inicialmente indicadores de liña de base de diagnóstico, para a medición do contexto, e de impacto. Os indicadores de cada Plan Operativo atenderán aos criterios de fiabilidade, dispoñibilidade e simplicidade. E no rexistro e recollida da información aplicarase un enfoque de xénero e a perspectiva interseccional e de diversidade cultural.

Ademais do anterior, os respectivos documentos incluírán un apartado cos **aspectos metodolóxicos** que se consideren idóneos para o seu desenvolvemento, e a relación de axentes que previsiblemente estarán implicados/as, así como aqueles cos que se establecerán colaboracións parciais.

Por último, os Plans Operativos de Inclusión Social con vixencia prevista a partir do ano 2025, integrarán as **conclusiones da avaliación do plan operativo inmediatamente anterior**, con especial referencia, se procede, aos axustes que se introducen na metodoloxía e contidos a consecuencia das análises de resultado.

Instrumentalización e ferramentas para a implantación

No desenvolvemento da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 predomina a orientación xeral dos eixos e obxectivos cara a abordaxe da poboación en risco ou situación de pobreza e/ou exclusión social. Non obstante o anterior, caben tamén as orientacións específicas dirixidas á abordaxe de determinados factores de vulnerabilidade que con frecuencia concorren con outros e requiren dunha atención diferenciada. Neste sentido, a Estratexia dará cabida no seu desenvolvemento a varios marcos de programación específicos, entre eles:

- ▶ Estratexia de inclusión social do pobo xitano en Galicia
- ▶ Plan de atención ao senfogarismo

- ▶ Programa Nelson Mandela de inclusión sociolaboral de poboación interna en centros penais próxima á súa liberdade
- ▶ Programa de atención ao risco de desafiuzamento
- ▶ Programa dirixido á inclusión social das persoas con trastornos adictivos
- ▶ Programas dirixidos ás persoas inmigrantes e solicitantes de asilo
- ▶ Programas atención a persoas refuxiadas
- ▶ Outros programas (con enfoque territorial, de integración social de persoas con discapacidade...)

A innovación social, por outra banda, toma especial relevancia nesta nova edición da Estratexia de inclusión social de Galicia, e por iso sumaranse, ademais, programas de carácter experimental e innovador. O carácter innovador dos programas ou das medidas derivarase do deseño, da metodoloxía, dos contextos onde se implanten, uso de recursos de base tecnolóxica... Serán de especial interese aquelas iniciativas que teñan grande potencial de transferencia e escalado a outros contextos ou sectores de poboación.

A Xunta de Galicia, a través do departamento con competencias en materia de Servizos sociais e Inclusión, instrumentalizará vías de colaboración con outras administracións públicas, institucións, entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais e, no seu caso, con outros axentes de interese para promover programas e medidas aliñados cos obxectivos de inclusión social que lle son propios. Nestes sentido, están previstas as fórmulas de convenio de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos e concerto social.

Financiamento da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030


A Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 financiarase principalmente con fondos propios da Comunidade autónoma e Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos EIE), especialmente a través do Programa FSE+ Galicia (2021-2027). Ademais, durante os primeiros anos de desenvolvemento, 2023 e 2024, a Estratexia comprenderá proxectos financiados con cargo ao Fondos Europeos Next Generation UE, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No nivel de programación que representa este documento, o grao de definición das actuacións e medidas que se desenvolverán para o cumprimento dos obxectivos específicos establecidos para cada eixo é necesariamente baixo, o que dificulta a estimación orzamentaria e a cuantificación do seu impacto económico. Serán os sucesivos Plans Operativos de Inclusión Social bianuais o que comprendan esta cuantificación asociada á operativización en medidas e actuacións que realizará cada un deles.

8. GOBERNANZA

No marco desta Estratexia, a gobernanza asóciase aos procesos de toma de decisión precisos para o deseño e formulación, aprobación, implantación, seguimento e avaliación das actuacións que se orienten á consecución dos seus obxectivos e da propia estratexia. Nestes fitos apostouse e apostarase pola participación de todos os axentes implicados - moitos deles relacionados no apartado quinto, de Despregadura estratéxica-, ao que nos referimos como **gobernanza multinivel**. Deste xeito, fázese novamente efectivo o principio de participación previsto no artigo 4 i) da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

Gráfico 22. Axentes vinculados á Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030




Gobernanza no proceso de deseño e formulación

A Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2024 fundaméntase en tres fitos de traballo desenvolvido: avaliación da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, o diagnóstico da pobreza e a exclusión social no contexto galego e un proceso participativo con axentes implicados.



Ese proceso participativo tivo lugar no primeiro semestre de 2023 en varias etapas. Na primeira fase lanzouse, tras unha reunión de presentación, unha consulta aos Departamentos e organismos da Xunta de Galicia que, como o seu, no desenvolvemento das súas competencias operan de xeito parcial ou específico na abordaxe da pobreza e a exclusión social en Galicia. O obxecto era identificar cuestións que considerasen, desde os seus respectivos ámbitos, que deban ser tidas en conta na nova Estratexia, así como tamén doutras que na actualidade e con perspectiva a 2030 precisasen de axustes. Na segunda fase organizouse un grupo de traballo técnico dirixido tamén a representantes da Administración local, entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos sociais, así como outros axentes da sociedade civil. Este grupo tiña por obxectivos o de debater, validar e consensuar a estrutura e prioridades definidas nunha versión preliminar da Estratexia; e realizar achegas para o despregue desta.

Gráfico 23. Proceso de participación no deseño da Estratexia



Todas as achegas recibidas durante todas as fases do proceso participativo levado a cabo foron analizadas e valoradas na formulación deste documento.

O proceso de formulación culmina coa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia e a información ao Consello Galego de Benestar Social.


Por último, tal e como se referiu no apartado relativo á implantación, a Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 articularase a través de Plans Operativos de Inclusión Social. Nos procesos de formulación de cada un deles, activaranse novamente procesos participativos que tratarán de implicar a todos os axentes implicados, tratando de dar máis espazos de participación e interacción. Estes procesos abriranse nos últimos cuatrimestres dos anos pares do período 2023-2030, de preparación dos seguintes Plans Operativos bianuais, salvo o primeiro Plan Operativo de Inclusión Social, que se realizará no ano 2023.

Gobernanza no proceso de desenvolvemento e posta en marcha da Estratexia

A Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 comprende obxectivos nos que se enmarcarán medidas cuxa promoción responsabilizaranse diferentes **departamentos e organismos da Xunta de Galicia**, máis alá do competente en Servizos sociais, atendendo ao carácter multidimensional da pobreza e a exclusión social. Pero ademais, hai ámbitos de intervención previstos que por cuestión competencial ou de interese compartido requiren dunha colaboración estreita e a coordinación entre a Comunidade autónoma e as **entidades locais**, incluso con outras administracións públicas. Máis alá do anterior, a participación do **Terceiro Sector de acción social** na implantación e desenvolvemento da Estratexia é especialmente relevante, polo que constitúe o terceiro pilar deste sistema de gobernanza. Hai outro pilar, máis transversal, relativo á relación cos órganos formais, como é o **Consello Galego de Benestar Social**, presidido pola persoa titular do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais, e composto por representantes da Xunta de Galicia, entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, organizacións empresariais, centrais sindicais e organizacións profesionais agrarias máis representativas a nivel galego, entidades prestadoras de servizos sociais, asociacións de persoas usuarias de servizos sociais, as universidades galegas e os colexios profesionais representativos das disciplinas directamente relacionadas cos servizos sociais.

Por este motivo, o sistema de gobernanza implantarase en tres ámbitos de coordinación, en relación a cada un dos relacionados no parágrafo anterior: a nivel interno, da Xunta de Galicia; con outras administracións públicas, nomeadamente as entidades locais; co Terceiro sector de acción social; e co Consello Galego de Benestar Social, órgano colexiado formado polos anteriores e por outros axentes de natureza múltiple.

Relación interdepartamental da Xunta de Galicia



A **dirección da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030** correspóndelle á **Consellería de Política Social e Xuventude** -e, no seu defecto, á Consellería con competencias en Servizos sociais-. A **coordinación técnica e financeira** recaerá na Dirección Xeral de Inclusión Social. Como parte da estrutura básica da Estrutura se comprenden os equipos de inclusión sociolaboral de ámbito comarcal dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.


Os eixos estratéxicos implican a outros Departamentos da Xunta de Galicia con competencias que inciden na abordaxe da inclusión social en Galicia. A coordinación levarase a través da Comisión Interdepartamental de Servizos sociais e Inclusión Social, como órgano responsable de acoller os acordos precisos para chegar a acordos de coordinación e colaboración; reunións bilaterais para ámbitos que requiran dunha intensificación da coordinación e/ou acción conxunta; e grupos de traballo entre Departamentos e destes con outros axentes.

Relación da Xunta de Galicia con entidades locais



As entidades locais son axentes clave en todas as fases da Estratexia de Inclusión Social, e posibilitan o desenvolvemento corresponsable e a operatividade necesaria para levar a cabo as medidas que comprenda este marco, incluídas aquelas que promocioa a Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias. Por iso, promoverase a súa participación a través de diferentes vías que comprenden o financiamento de programas, a cooperación e a coordinación e grupos de traballo.

Relación da Xunta de Galicia con entidades de iniciativa social



As entidades de iniciativa social vertebran tamén esta Estratexia. A cooperación entre a Xunta de Galicia e estas entidades posibilitan o reforzo dos servizos sociais públicos de inclusión no territorio e, en consecuencia, e chegar a máis poboación destinataria, mellorando a súa cobertura e calidades da intervención. Máis alá diso, a cooperación público-privada posibilita un traballo en rede que xa está consolidado tras os sucesivos períodos de desenvolvemento dos plans e Estratexia de inclusión social en Galicia, e unha coordinación para dotar de maior integralidade os itinerarios das persoas participantes.

Nun plano operativo, a colaboración instrumentarase a través de subvencións, contratos, convenios singulares e concerto social. No plano estratéxico, a cooperación levarase a cabo a través de grupos de traballo, consultas e mesmo a través de mesas específicas que se creen no marco das funcións que o Consello Galego de Benestar Social ten atribuídas na Lei 13/2008, de 27 de novembro, de Servizos sociais de Galicia.

9. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Correspóndelle á Consellería de Política Social coordinar e levar a cabo as tarefas de seguimento e avaliación da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 e os Plans Operativos de Inclusión Social a través dos que esta se articule, coa colaboración doutros actores implicados e incluídas as persoas destinatarias.

O proceso de seguimento e avaliación concrétase nos seguintes fitos:

Gráfico 24. Fitos do proceso de seguimento e avaliación



Seguimento anual e avaliación bianual

Tal e como se mencionou con anterioridade, a Estratexia de inclusión social de Galicia enmárcase no Plan Estratéxico de Galicia e financiarase a través do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social -ou os órganos que en cada momento teñan asignadas as competencias en materia de servizos sociais-, reportará a información e datos que desde cada un destes referentes se lle requira en relación co desenvolvemento da Estratexia.

Ademais, con carácter anual, o equipo encargado da dirección da Estratexia realizará as tarefas de seguimento de execución técnica e financeira baseándose na información rexistrada na aplicación informática da Dirección Xeral de Inclusión Social e noutros instrumentos de recollida de información complementarios.

Por outra banda, con carácter bianual e coincidindo co ano de finalización dun dos catro Plans Operativos cos que se implantará a Estratexia, o mesmo órgano preparará un informe de avaliación relativo ao subperíodo co seguinte contido mínimo:

- ▶ Presentación resumo dos obxectivos específicos traballados e das principais actividades desenvolvidas. Grao de execución das medidas previstas
- ▶ Presentación dos principais resultados cuantitativos e cualitativos acadados, a partir dos indicadores de realización e resultado previstos no correspondente Plan Operativo en relación ao grao de consecución de cada un dos obxectivos específicos traballados.
- ▶ Información sobre recursos financeiros destinados
- ▶ Información sobre os indicadores de contexto previstos na Estratexia de Inclusión Social⁵¹.

Para a preparación deste informe de avaliación bianual a Dirección Xeral de Inclusión Social -u órgano competencialmente equivalente na Administración Xeral autonómica- poderá recadar a colaboración de axentes implicados no desenvolvemento da Estratexia.

A Dirección Xeral de Inclusión Social presentará os informes de avaliación bianuais ao Consello Galego de Benestar Social.

Avaliación intermedia e avaliación final

No primeiro cuadrimestre de 2027 o órgano encargado da dirección da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 levará a cabo a avaliación intermedia. Ademais, no primeiro cuadrimestre de 2031 realizarase a súa avaliación final.

O proceso metodolóxico das avaliacións intermedia e final comprenderá consultas e entrevistas a persoas representantes e/ou persoal dos diferentes axentes implicados no desenvolvemento da Estratexia, nomeadamente entidades locais e entidades de iniciativa social, ademais das propias persoas participantes.

Así, como parte dos documentos resultantes das respectivas avaliacións, incluíranse:

- ▶ As conclusións dunha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Debilidades) e do estudo complementario CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar).
- ▶ Información operativa e sobre os progresos acadados en cada un dos obxectivos específicos, a partir dos valores acumulados dos indicadores comprendidos en cada uno dos Plans Operativos de Inclusión Social

⁵¹ Consúltense Anexo de indicadores da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030

- ▶ Datos de evolución e análise relativos aos valores dos indicadores previstos no Anexo deste documento á data de referencia de cada uno dos informes de avaliación.

Ademais do anterior, o informe reportará información sobre os avances a nivel estratéxico, en relación á aplicación ou implantación de recomendacións ou marcos estratéxicos de referencia.

Os informes incorporarán a perspectiva de xénero e procurarán reportar o enfoque interseccional, que constitúe eixo transversal da Estratexia.

Os indicadores que comprende o documento da Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030 -e que se atopan relacionados no Anexo- son indicadores de liña de base de diagnóstico, para a medición do contexto, e de impacto. No apartado anexo a este documento preséntase a relación destes indicadores e as súas fontes estatísticas, ademais dos valores de partida que se asumen para esta Estratexia.

A Dirección Xeral de Inclusión Social presentará os informes de avaliación intermedia e final á Comisión Interdepartamental de Servizos sociais e Inclusión Social e ao Consello Galego de Benestar Social.

10. BIBLIOGRAFÍA

Anton Korinek, Martin Schindler e Joseph Stiglitz (2021), *Technological Progress, Artificial Intelligence, and Inclusive Growth*. Editorial International Monetary Fund.

Bonoli, G. (2010), *The political economy of active labor-market policy*, *Politics and Society*, 38, 4: 435–57.

Bonoli, G. (2011), *Active labour market policy in a changing economic context*. In J. Clasen and D. Clegg (eds), *Regulating the Risk of Unemployment. National Adaptations to Post-industrial Labour Markets in Europe*, Oxford: Oxford University Press, pp.318–32.

Brynjolfsson e McAfee (2015) Entrevista en Harvard Business Review. *The Great Decoupling*.

Comisión Europea (2008), *Recomendación de la Comisión 2008/867/CE sobre a inclusión activa das personas excluídas do mercado laboral*

Comisión Europea (2013), *Recomendación da Comisión 2013/112/UE Invertir en la infancia: romper el ciclo de las desventajas*

Comisión Europea (2019), *The changing nature of work and skills in the digital age*.

Comisión Europea (2022), *Decisión de ejecución de la Comisión de 9.12.2022 por la que se aprueba el programa «FSE+ Comunidad Autónoma de Galicia» para recibir ayuda del Fondo Social Europeo+ en el marco del obxectivo de inversión en empleo y crecimiento para la región de Galicia de España*

Consejo de la Unión Europea (2021) *Recomendación (UE) 2021/1004 de 14 de junio de 2021 por la que se establece una Garantía Infantil Europea*.

Consejo de la Unión Europea (2023), *Recomendación del Consejo de 30 de xaneiro de 2023 sobre una renta mínima adecuada que procurel a inclusión activa (2023/C 41/01)*

Consejo Europeo (1992), *Recomendación 92/441/CEE del Consejo, de 24 de junio de 1992, sobre los criterios comunes relativos a recursos y prestaciones suficientes en los sistemas de protección social* (DO L 245 de 26.8.1992, p. 46)

Dingeldey, I. (2007), *Between workfare and enablement – The different paths to transformation of the welfare state: A comparative analysis of activating labour market policies*, *European Journal of Political Research*, 46, 6: 823–57.

European Social Network (2022), *Innovación en Prestaciones e Innovación Social*. En <https://www.esn-eu.org/es/news/innovacion-en-prestaciones-e-innovacion-social>

EAPN (2022), *12º Informe 2022 O Estado da pobreza en Galicia*

EAPN España (2022) *Informe el estado de la pobreza en las Comunidades autónomas*. En <https://www.eapn.es/estadodepobreza/descargas.php>

European Expert Network on Economics of Education (EENEE). (2018). *Benefits of Early Childhood Education and Care and the conditions for obtaining them*. Michel Vandebroek, Karolien Lenaerts and Miroslav Beblavý.

Fantova (2017), *Los servicios sociales como pieza clave para una estrategia de inversión social*.

Fundación FOESSA, Comité técnico (2020) *Vulneración de derechos: Trabajo decente*.

Fundación FOESSA. Fomento de Estudios Sociales y Sociología Aplicada (2022), *Evolución de la Cohesión Social y Consecuencias de la Covid-19 en España*. Colección de Estudios 50.

Future Policy Lab (2022) *Derribando el dique de la meritocracia*.

Girardi, S., Pulignano, V., & Maas, R. (2019). *Activated and included? The social inclusion of social assistance beneficiaries engaged in "public works."* International Journal of Sociology and Social Policy, 39(9–10), 738–751. <https://doi.org/10.1108/IJSSP-01-2019-0023>

Heidenreich, M., & Aurich-Berheide, P. (2014). *European worlds of inclusive activation: The organisational challenges of coordinated service provision*. International Journal of Social Welfare, 23(S1), S6–S22. <https://doi.org/10.1111/ijsw.12098>

Instituto Galego de Estatística (2022), *Enquisa estrutural a fogares, 2021*

Instituto Nacional de Estadística e Instituto Galego de Estatística (2022), *Enquisa de Poboación Activa, 2022*

Instituto Nacional de Estadística (2023), *Encuesta de Condiciones de Vida, 2022*

José María Durán Cabré e Alejandro Esteller Moré (2022) *¿Se adapta el sistema fiscal español a la demanda social de redistribución?*. Capítulo no libro *Desigualdad y pacto social*, coordinado por Luis Ayala Cañón. Observatorio Social de la Fundación La Caixa. Barcelona.

Martínez Virto (2014), *Sobreviviendo la crisis. Estrategias de los hogares en dificultad*.

Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 (2021), *Plan Operativo 2021 de Desarrollo de la Estrategia Nacional de Prevención y Lucha Contra la Pobreza y la Exclusión Social 2019-2023*

Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030- Alto Comisionado contra la Pobreza Infantil (2020), *La transmisión intergeneracional de la desigualdad en España*.

Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030- Alto Comisionado contra la Pobreza Infantil (2022), *Infancia con derechos: Plan de Acción Estatal para la Implementación de la Garantía Infantil Europea (2022-2030)*

Olga Cantó e Luis Ayala (2014), *Políticas públicas para reducir la pobreza infantil en España: análisis de impacto*. UNICEF

Parlamento Europeo (2014), *Resolución del Parlamento Europeo, del 16 de enero de 2014, sobre una estrategia de la UE para las personas sin hogar (2013/2994(RSP))*

Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión Europea (2000), *Carta de Derechos Fundamentales de la Unión Europea*.

Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión Europea (2017), *Proclamación interinstitucional sobre el pilar europeo de derechos sociales (2017/C 428/09)*

Red de Inclusión Social. *Grupo de traballo sobre sistemas de información dos servizos de emprego e os servizos sociais*. En <http://redinclusion-social.es/>

Red de Inclusión Social. *Grupo de Trabajo sobre Herramientas de Diagnóstico de situaciones de vulnerabilidad y/o exclusión social*. En <http://redinclusion-social.es/>

Red de Inclusión Social. *Grupo de Trabajo sobre proyectos piloto de coordinación entre servicios sociales y servicios de empleo*. En <http://redinclusion-social.es/>

Thomas Piketty (2014), *El capital en el siglo XXI*. Editorial Fondo de Cultura Económica de España. Madrid.

Vicepresidencia Segunda del Gobierno. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 (2020), *Estrategia Nacional de Prevención y Lucha Contra la Pobreza y la Exclusión Social 2019-2023*. Informes, Estudios e Investigación 2020.

Weishaupt, T. (2011), *From the Manpower Revolution to the Activation Paradigm: Explaining Institutional Continuity and Change in an Integrating Europe*, Amsterdam: Amsterdam University Press.

Xunta de Galicia (2022), *Plan Estratégico de Galicia 2022-2030*.

Xunta de Galicia- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (2022), *Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual (2022-2024)*

Xunta de Galicia- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (2022), *VIII Plan Estratégico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2022-2027*

Xunta de Galicia- Consellería de Sanidade (2020), *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Período 2020-2024*

Zalakain, J., (2017) *Sistemas de bienestar y sociedade inclusiva: de la inclusión activa a la activación inclusiva*. Documentación Social , n. 186, p. 173-189

Zalakain, Joseba (2018) *De la inclusión activa a la activación inclusiva*.

Zalakain, Joseba (2020). *Innovaciones, Tendencias y Buenas Prácticas en Materia de Inclusión Social en los Países de la Unión Europea* en Pérez Eransus, Begoña e Martínez Virto, Lucia "Políticas de inclusión en España: viejos debates, nuevos derechos". CIS.

Zalakain, Joseba (2020), Capítulo no libro *Políticas de inclusión en España: viejos debates, nuevos derechos*. CIS.

11. ANEXO

Indicadores

COHESIÓN SOCIAL	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Taxa AROPE (Estratexia Europa 2030)	19,22	18,68	19,72	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Menos de 16 anos	23,27	23,05	23,5	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 16 a 24 anos	25,01	24,1	25,97	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 25 a 49 anos	18,42	18,08	18,76	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 50 a 64 anos	23,43	23,02	23,81	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Máis de 65 anos	12,88	10,89	14,4	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Taxa AROPE poboación estranxeira	55,78			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Taxa AROPE fogares monoparentais	31,93			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Taxa de risco de pobreza	15,12	14,46	15,74	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Menos de 16 anos	21,21	20,85	21,59	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 16 a 24 anos	21,44	21	21,91	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 25 a 49 anos	14,55	13,41	15,7	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 50 a 64 anos	14,41	14,47	14,36	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Máis de 65 anos	11,68	10,02	12,95	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Taxa de risco de pobreza da poboación estranxeira	55,33			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Taxa de risco de pobreza en fogares con nenos e mozos a cargo	19,38			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares

COHESIÓN SOCIAL	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Taxa de risco de pobreza en fogares monoparentais	23,51			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Taxa de risco de pobreza severa	5,30			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Persoas con carencia material e social severa	4,53	4,25	4,78	2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Menos de 16 anos	5,96			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 16 a 24 anos	4,98			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 25 a 49 anos	4,50			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
De 50 a 64 anos	5,43			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Máis de 65 anos	2,94			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Persoas de 0 a 64 anos en fogares con baixa intensidade laboral	8,83			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Ingreso medio por fogar e persoa (en euros)	971			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Ingreso medio por unidade de consumo do fogar (en euros)	1.422			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Distribución da renda S80/S20	3,86			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Índice de Gini	0,257			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Persoas perceptoras da RISGA	6.247	2.421	3.826	2022	Dirección Xeral de Inclusión Social
Número de persoas en situación de senfogarismo	2.387	1.888	499	2022	INE. Enquisa a persoas sen fogar

COHESIÓN SOCIAL	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Fenda de pobreza	22,7			2021	IGE. Indicadores de cohesión social
Persoas usuarias SIUSS-GAL	116.162			2022	Dirección Xeral de Inclusión Social. SIUSS-GAL
Persoas participantes en itinerarios Inclusión Social	8.847	3.702	5.345	2022	Dirección Xeral de Inclusión Social

EMPREGO	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Taxa de actividade	52,9	57,0	49,2	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Taxa de ocupación	47,1	51,3	43,3	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Taxa de paro	11,0	10,1	12,0	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Taxa de desemprego de longa duración	4,2	3,7	4,7	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Taxa de desemprego de moi longa duración	2,8	2,4	3,2	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Nenos/as (0-17) en fogares sen ocupados/as (%)	6,8	-	-	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Adultos (18-59) que viven en fogares sen ocupados/as (%)	10,0	9,6	10,4	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Fogares onde todos os activos están en paro (%)	4,60	-	-	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Fogares con ocupados e parados (%)	6,53	-	-	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Fogares onde todas as persoas activas están ocupadas (%)	56,83	-	-	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa

EMPREGO	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Traballadores/as en xornada parcial non desexada ⁵² (%)	48,80	52,67	47,64	2022	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Taxa de actividade das persoas con discapacidade	72,9	76,3	69,5	2021	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Taxa de emprego das persoas con discapacidade	64,3	68,1	60,6	2021	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Taxa de paro das persoas con discapacidade	21,3	20,1	23,1	2021	IGE-INE. Enquisa de poboación activa
Fogares sustentados principalmente por unha persoa en inestabilidade laboral grave (%)	13,60	-	-	2020	FOESSA
Poboación traballadora está en situación de pobreza relativa (%)	12,5	-	-	2020	FOESSA
Poboación traballadora está en situación de pobreza severa (%)	2,2	-	-	2020	FOESSA

EDUCACIÓN	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Proporción do gasto da Administración pública autonómica que se destina a Educación	24,04			2021	Ministerio de Hacienda y Función Pública
Taxa de abandono educativo temperá	9,9	11,4	8,4	2022	IGE. Indicadores de cohesión social
Estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de lectura	17,7	24	11,1	2018	PISA
Persoas con baixos niveis educativos	35,3	39,1	31,6	2022	IGE. Indicadores de cohesión social

⁵² O motivo de traballar a tempo parcial é porque non pode atopar un traballo a xornada completa

SAÚDE	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Proporción do gasto da Administración pública autonómica que se destina a Saúde	40,46			2021	Ministerio de Hacienda y Función Pública
Esperanza de vida ao nacer	83,4	80,4	86,4	2021	IGE. Indicadores de cohesión social

VIVIENDA	Total	Homes	Mulleres	Ano	Fonte
Poboación con falta de espazo na vivenda	2,4			2021	INE. Enquisa de Condicións de Vida
Poboación que vive en fogares con determinadas deficiencias na vivenda	21,7			2020	INE. Enquisa de Condicións de Vida
Fogares que non se poden permitir substituír mobles estragados ou vellos	23,78			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares
Fogares que tiveron atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade...)	4,02			2021	IGE. Enquisa estrutural a fogares



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE